*Se o neno naceu morto ou faleceu antes das 24 horas de vida, ¿cal foi a causa?*Enfermedad o afección principal del feto o recién nacido:
Enfermidade ou afección principal do feto ou do neonato:

Enfermedad o afección principal de la madre que afectó al feto o al recién nacido:

Enfermidade ou afección principal da nai que afectou o feto ou o neonato:¿Se practicó autopsia? Sí No **Si nació muerto, indique:** Murió antes del parto Murió durante el trabajo del parto
¿Practicóuselle autopsia? *Si* *No* **Se naceu morto, indique:** *Morreu antes do parto* *Morreu durante o trabalho do parto***Firma del declarante****Sinatura do declarante****Si ha habido cuatro o más nacidos en este parto:**

- Utilice un segundo cuestionario; cumplimente en él solamente la pregunta 2.1 de identidad de la madre y las preguntas del apartado 4 relativas a los nacidos.

- Escriba en las siguientes casillas el número del otro cuestionario, el que figura impreso en la parte superior derecha de la primera página.

Número del segundo cuestionario:
Número do segundo cuestionario: **Se houbo catro ou más nacidos neste parto:**

- Empregue un segundo cuestionario; cubra nel soamente a pregunta 2.1 de identidade da nai e as preguntas do apartado 4 relativas ao nacidos.

- Escriba nas seguintes casas o número do outro cuestionario, o que figura impreso na parte superior dereita da primeira páxina.

Firma y número de colegiado del médico**Sinatura e número de colexiado do médico**



MANUAL DE USUARIO DA APLICACIÓN CARON

**SUBDIRECCIÓN XERAL DE INFORMACIÓN E DE SERVIZOS
TECNOLÓXICOS**
CENTRO DE SERVIZOS TECNOLÓXICOS

Teléfono (981) 54 18 83 • Fax (981) 54 27 57

Internet: www.sergas.es

Versión: 01.64

Data edición: 07 de febreiro de 2010

“A información contida neste documento é propiedade da Consellería de Sanidade, o seu contido non poderá ser usado nin reproducido para ningún fin distinto ó que provocou a xeración do mesmo.”

ÍNDICE

1. INTRODUCIÓN E ACCESO.....	5
1.1. PRESENTACIÓN	5
1.2. REQUISITOS E LIMITACIÓN S DE USO	6
1.3. ACCESO Á APLICACIÓN	7
1.4. UTILIDADES E FUNCIÓN S DA APLICACIÓN.....	8
1.5. ELEMENTOS COMÚNS DA APLICACIÓN.....	13
2. CARGA DATOS	16
2.1. INTRODUCIÓN	16
2.2. CARGAR ARQUIVO IGE	17
2.3. IMPORTAR DATOS DO CMDB PERINATAL.....	26
3. REXISTROS	33
3.1. INTRODUCIÓN	33
3.2. CODIFICAR BOLETÍNS	34
3.2.1. Asistente de codificación para un boletín procedente dun formato antigo	36
3.2.2. Asistente de codificación para un boletín procedente dun formato novo	50
3.3. LOCALIZAR ARQUIVOS IGE.....	73
3.3.1. Visualizar BED escaneado	76
3.3.2. Escanear BED	77
3.3.3. Visualizar / Eliminar BED escaneados	78
3.4. LOCALIZACIÓN REXISTROS CMDB PERINATAL	80
3.4.1. Codificar mortalidade Perinatal	81
3.5. XESTIÓN DE REXISTROS (formato vello)	87
3.5.1. Datos Poboacionais	89
3.6. XESTIÓN DE REXISTROS (formato novo).....	108
3.6.1. Datos Poboacionais	113
3.7. LOCALIZAR ARQUIVOS IMAXES	136
4. UTILIDADES	139
4.1. INTRODUCIÓN	139
4.2. CRUCES POBOACIONAIS AUTOMÁTICOS CON TARXETA SANITARIA	140
4.3. CRUCES POBOACIONAIS AUTOMÁTICOS CON CANCRO DE MAMA.....	145
4.4. CRUCES POBOACIONAIS MANUAIS.....	148
4.5. ESTATÍSTICAS CRUCES TS	160

4.6.	NORMALIZACIÓN (Dicionarios).....	161
4.7.	ENVIAR ARQUIVO IGE	166
4.8.	PECHE ANUAL	168
4.9.	LOCALIZACIÓN REXISTROS REPETIDOS	169
4.10.	DOCUMENTACIÓN DA VERSIÓN.....	170
4.11.	INFORMACIÓN DO SISTEMA	170
5.	TÁBOAS MESTRAS	172
5.1.	INTRODUCIÓN	172
5.2.	ÁREAS XEOGRÁFICAS	176
5.2.1.	País	176
5.2.2.	Comunidade Autónoma.....	176
5.2.3.	Provincia.....	177
5.2.4.	Concello	178
5.2.5.	Parroquia.....	179
5.3.	CIE	180
5.3.1.	CIE 9	180
5.3.2.	CIE10	186
5.3.3.	Listas Reducidas CIE	192
5.4.	ERROS / AVISOS	195
5.5.	FILTROS	198
5.6.	FORENSES.....	202
5.7.	NECROPSIAS.....	204
5.7.1.	Grupo Motivos	204
5.7.2.	Tipo Motivos	204
5.7.3.	Condición Finado	205
5.7.4.	Tipo Accidente.....	206
5.7.5.	Tipo Vehículo	207
5.8.	PERINATAL.....	208
5.8.1.	Centro Sanitario	208
5.8.2.	Momento Defunción	208
5.8.3.	Tipo Nacemento	209
5.8.4.	Tipo Parto	210
5.8.5.	Control Xestacional	210
5.8.6.	Estado Necropsia	211
5.9.	MARCA	212
5.10.	CORREO ELECTRÓNICO	213

5.11.	CHAMADAS.....	214
5.12.	CONCELLOS PUBLICABLES	215
5.13.	LOTES PARA ESCANEAR.....	216
CONFIGURACIÓN	217
CONFIGURACIÓN	218
5.14.	INTRODUCIÓN.....	218
5.15.	OPCIÓNS DE CODIFICACIÓN	219
5.16.	LOG DE ERROS.....	220
5.17.	PERFÍS DE USUARIO.....	221
5.18.	USUARIOS DA APLICACIÓN.....	224

1. INTRODUCCIÓN E ACCESO

1.1. PRESENTACIÓN

O sistema de CARON ten como finalidade facilitar e informatizar o labor de codificación de causas de mortalidade xeral e Perinatal acontecida en Galicia.

O sistema de información desenvolto pretende abarcar todo o procedemento de traballo desde que un BED ou ficha de Perinatal entra no sistema ata que se codificaron todas as súas causas de defunción e se localizou a esa persoa noutros subsistemas para indicar que faleceu.

A súa finalidade é:

- Informatizar o proceso de codificación de causas de mortalidade.
- Localizar finados noutros subsistemas.
- Facilitar o traballo do persoal do I.S.P. en todas as súas tarefas.

As seccións contidas neste capítulo son:

Requisitos e limitacións de uso. Breve descripción de quen e de que forma poden empregar a aplicación.

Acceso á aplicación. Indica como acceder á aplicación e que vai atopar inicialmente o usuario.

Utilidades e funcións da aplicación. Descripción do cometido xeral da aplicación.

Elementos comúns da aplicación. Descripción dos compoñentes comúns que o usuario vai atopar o longo da aplicación.

1.2. REQUISITOS E LIMITACIÓNOS DE USO

Un dos aspectos más importantes de calquera aplicación informática na actualidade é o control de accesos á mesma, debido a que ningunha persoa non autorizada debe ter a posibilidade de acceder os datos xestionados pola aplicación. Por ese motivo, cada usuario con permiso para empregar a aplicación dispón dun nome de usuario para a aplicación, o cal é o mesmo que o nome de usuario do dominio Sergas no que se valida para iniciar a sesión. O usuario non precisa especificar un login, unha clave de acceso para validarse na aplicación, pois tómase o usuario que se validou no dominio e verifícase de forma automática se ese usuario ten acceso á aplicación.

A aplicación cumpre a LOPD e as directivas de seguridade marcadas desde o Servizo de Informática da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

1.3. ACCESO Á APLICACIÓN

Para acceder á aplicación só será necesario executar o acceso directo á mesma que dispoñerá cada un dos equipos clientes.

1.4. UTILIDADES E FUNCIONES DA APLICACIÓN

O acceso ás funcionalidades da aplicación pode facerse desde a pantalla principal de dúas formas distintas, ben a través do menú da aplicación ou ben a través da barra de ferramentas, situada na parte inferior do menú.




Ilustración 1.1: Menú e barra de ferramentas da aplicación

O menú da aplicación está dividido en oito submenús:

- Inicio

O submenú “Inicio” permite o usuario saír da aplicación.



Ilustración 1.2: Submenú “Inicio” da aplicación

- Carga Datos

O submenú “Carga Datos” permite o usuario realizar as funcionalidades de importación de datos. As funcionalidades incluídas neste submenú son:

- *Cargar arquivo IGE*: dentro desta funcionalidade permítense realizar a carga dos arquivos cos datos dos BED (Boletíns Estatísticos de Defunción) procedentes do I.G.E. (Instituto Galego de Estatística).
- *Importar CMBD Perinatal*: esta funcionalidade permite cargar os datos dos arquivos procedentes do CMBD Perinatal.




Ilustración 1.3: Submenú “Carga Datos”

- Rexistros

O submenú “Rexistros” permite ó usuario acceder o conxunto de funcionalidades empregadas para a xestión dos rexistros do sistema. As funcionalidades desenvoltas son:

- *Codificar Boletíns*: permite codificar as causas de mortalidade dos boletíns BED cargados.

- *Localizar Arquivos I.G.E.:* procura lotes IGE cargados no sistema para a súa xestión.
- *Localizar Rexistros CMBD Perinatal:* procura rexistros CMBD Perinatais cargados previamente no sistema para a súa xestión.
- *Localizar arquivos imaxes:* permite escanear imaxes e asocialas a un lote que non ten asociado un boletín.
- *Xestión Rexistros:* procura e xestiona rexistros IGE, manuais, OCA, ...




Ilustración 1.4: Submenú “Rexistros”

- Utilidades

O submenú “Utilidades” permite ó usuario realizar varias actividades:

- *Cruces con Tarxeta Sanitaria:* esta utilidade permite o cruce dos datos poboacionais do sistema cos existentes no sistema de Tarxeta Sanitaria.
- *Cruces con Cancro de Mama:* esta utilidade permite o cruce dos datos poboacionais do sistema cos existentes no sistema de Cancro de Mama.
- *Cruces Poboacionais Manuais:* cruza un arquivo co poboacional do sistema para marcar os finados.
- *Normalización:* xestiona o diccionario empregado para a normalización de literais.
- *Enviar Arquivo IGE:* xera, a partir dun lote IGE, un arquivo DBF coa causa de mortalidade cuberta para poder ser devolto ó IGE.
- *Envío Anual IGE:* xera un arquivo DBF cos datos de todos os lotes IGE do ano e provincia indicados, completando a causa de mortalidade, para poder ser devolto ó IGE.
- *Peche Anual:* Realiza o peche dos boletíns dun ano.
- *Información do Sistema:* Nela poderá consultarse tanto as últimas cinco tarefas do usuario como un resumo cos datos do sistema.
- *Converter TXT en DBF:* Nela podrá consultarse tanto as últimas cinco tarefas do usuario como un resumo cos datos do sistema.




Ilustración 1.5: Submenú Utilidades

- Táboas mestras

O submenú “Táboas mestras” permite ó usuario o acceso a xestión das táboas auxiliares da aplicación, entre as que se atopan:

- *Áreas Xeográficas*: permite visualizar datos de zonas xeográficas (países, comunidades autónomas, provincias, concellos, parroquias)
- *CIE*: permite a visualización e xestión dos datos relacionados cos Códigos Internacionais de Enfermidade (CIE's, grupos xenéricos CIE, grupos especiais CIE e listas reducidas CIE) clasificados segundo o tipo de CIE (9 ou 10).
- *Erros/Avisos*: permite a xestión dos errores e/ou avisos xerados durante a codificación de causas de mortalidade.
- *Filtros*: permite a xestión dos filtros empregados na aplicación para a realización dos distintos cruces.
- *Forenses*: permite a xestión dos médicos forenses asociados aos distintos xulgados.
- *Necropsias*: permite a manipulación dos datos necesarios para a xestión das necropsias (motivos, tipo de motivos, accidente de tráfico, etc.)
- *Perinatal*: permite a xestión dos datos que entran a formar parte dun rexistro de Perinatal (centro sanitario, momento de defunción, tipo de nacemento, tipo parto, control xestacional e estado de necropsia).
- *Marca*: permite xestionar os estados no que se devolve un boletín ó IGE segundo os cambios que sufriu durante o proceso de codificación.

- *Correo Electrónico*: permite a xestión das direccións a onde vai mandar correos electrónicos a aplicación.
- *Chamadas*: permite a xestión das chamadas que se poden realizar o codificar un boletín.
- *Concellos Publicables*: permite a xestión dos concellos publicables.
- *Lotes para escanear*: permite crear lotes que non están asociados a ningún boletín para asociarlle imaxes escaneadas.




Ilustración 1.6: Submenú “Táboas Mestras”

- Configuración

O submenú “Configuración” permite o acceso, para aqueles usuarios con permiso, á xestión de usuarios e dos perfís de usuario así como ás opcións de codificación e aos logs de errores.




Ilustración 1.7: Submenú “Configuración”

Por outra parte, a barra de ferramentas da aplicación consta de 16 botóns distintos que proporcionan un acceso directo a algunas das funcionalidades da aplicación.



Ilustración 1.8: Barra de Ferramentas

Opción 1: Saír da aplicación

Opción 2: Codificar Boletíns

Opción 3: Xestión de Rexistros

Opción 4: Cargar Arquivo IGE

Opción 5: Localizar Arquivos IGE

Opción 6: Importar CMBD Perinatal

Opción 7: Localizar Rexistros CMBD Perinatal

Opción 8: Cruce con Tarxeta Sanitaria

Opción 9: Cruce con Cancro de Mama

Opción 10: Cruces Poboacionais Manuais

Opción 11: Dicionarios

Opción 12: Enviar Arquivo IGE

Opción 13: Filtros

Opción 14: Opcíons de Codificación

Opción 15: Perfís de Usuario

Opción 16: Usuarios da Aplicación

Opción 17: Localización Rexistros Repetidos

1.5. ELEMENTOS COMÚNS DA APLICACIÓN

Nesta sección describiremos o funcionamento dunha serie de elementos comúns en gran parte das pantallas da aplicación.

TextList

Este control permítenos seleccionar un elemento dunha lista de posibles valores. Estes controles estarán asociados a unha táboa da que se poderá seleccionar un único elemento.




Ilustración 1.9. Obxecto TextList

O obxecto está formado por 3 elementos: 2 caixas de texto e un botón. A primeira caixa de texto permite ó usuario introducir o código do elemento procurado e, se ese código se corresponde cun elemento da lista, ó saír o foco do campo, a descripción cargarase automaticamente na 2ª caixa de texto (este elemento non é editable). No caso de non existir o elemento introducido, baleiraranse ambas caixas de texto.

O botón do compoñente permite visualizar unha lista con todos os posibles valores da selección. A acción do botón para visualizar os elementos pode realizarse premendo a tecla F4 sobre algún dos elementos do control.

Ambas accións abrirán a seguinte pantalla emergente da cal seleccionaremos o elemento desexado.




Ilustración 1.10. Selección dun elemento do obxecto TextList

Unha vez seleccionado o elemento da lista será necesario premer o botón “Aceptar” ou a tecla “Intro”, acto seguido o elemento seleccionado na lista cargarase no control.



Ilustración 1.11. Selección dun elemento do obxecto TextList: cargar a selección no control

Calendario

Este control vainos axudar a seleccionar datas válidas para introducir na aplicación.



Sempre que se inserta unha data manualmente vai comprobar que a data teña un formato correcto e que sexa válida.

Se desexamos procurar unha determinada data podemos premer 'F4' ou sobre o botón e aparecerá un calendario no que podemos seleccionar a data deseñada.



Ilustración 1.12: Calendario

Con este control podemos facilmente seleccionar un día determinado do mes que se está visualizando. Podemos cambiar de mes premendo nas frechas esquerda (mes anterior) e dereita (mes seguinte) que existen na parte superior.

Para cambiar de ano prememos sobre o ano que aparece actualmente e coas datas que aparecen podemos aumentar ou diminuir o ano.

Na parte inferior do calendario indicárenos sempre a data actual.

Pantalla de Selección de elementos

Esta pantalla permitirános seleccionar un conxunto de elementos dunha lista.




Ilustración 1.13. Selección dun conxunto de elementos

A pantalla consta de dúas reixas: na reixa da esquerda cárganse todos os elementos dispoñibles para seleccionar e na da dereita os seleccionados actualmente.

O funcionamento da selección/deselección de elementos pode realizarse de dúas formas diferentes: facendo “doble clic” sobre un elemento de calquera das listas, automaticamente este elemento pasará á lista contraria, é dicir, se facemos “doble clic” sobre un elemento de “Datos Dispoñibles” este pasará automaticamente a “Datos Elixidos”, e á inversa. A segunda forma de selección e deselección realizarase mediante os botóns que aparecen entre as dúas reixas.

As frechas que teñen os botóns indican a dirección que seguirá o elemento. Por exemplo, se seleccionamos un elemento na reixa de “Datos Dispoñibles” e prememos o botón coa frecha “>”, dito elemento pasará á reixa de “Datos Elixidos”.

Os botóns con frechasdobres “<<”, “>>” pasan todos os elementos dunha reixa á contraria. Por exemplo se prememos o botón coas frechas “>>” pasará todos os elementos da reixa “Datos Dispoñibles” á reixa de “Datos Elixidos” e á inversa.

2. CARGA DATOS

2.1. INTRODUCIÓN

Nesta fase realiza a carga no sistema dos ficheiros procedentes do IGE (Boletíns Estatísticos de Defunción) e os datos procedentes do CMBD (Ficha de Perinatal).

No apartado correspondente a “Carga Datos” facilítanse as seguintes funcionalidades relacionadas coa importación de información:

- Cargar Arquivo IGE
- Importar CMBD Perinatal

As seccións contidas neste capítulo son:

Cargar arquivo IGE. Indica o proceso de carga dun arquivo procedente do IGE en CARON.

Cargar arquivo CMBD. Indica o proceso de carga dun arquivo do CMBD Perinatal en CARON.

2.2. CARGAR ARQUIVO IGE

Desde esta funcionalidade importaranse os boletíns estatísticos de mortalidade (BED) remitidos ó Instituto Galego de Estatística (IGE).

Os BED, remitidos por lotes e provincial, atópanse almacenados en formato dixital nun disquete, sendo empregados os formatos DBF e TXT. A aplicación rexistrará a información contida a excepción da causa de mortalidade.

Esta funcionalidade lívase a cabo por medio dun asistente que guiará ó usuario a través duns sinxelos pasos:

Presentación




Ilustración 2.1: Carga de Datos dos Arquivos do IGE

A primeira vez en emplegar esta funcionalidade aparecerá a pantalla de presentación do asistente que guiará ó usuario durante a carga de datos. Para ir ó primeiro paso deberase premer o botón **Seguinte**.

Nota: Para ir directamente ó primeiro paso a próxima vez que se empregue esta funcionalidade, marcar a casilla “Non volver a mostrar esta pantalla”.


Paso 1

Ilustración 2.2: Carga de Datos dos Arquivos do IGE – Selección de arquivos

O primeiro paso da carga de datos é a selección dos arquivos remitidos. Para iso premeremos o botón situado xunto ó campo *Arquivos*. Abrirase unha ventá de selección de arquivos. O usuario poderá moverse pola estrutura de directorios ata atopar os arquivos desexados. Unha vez localizados, indicará á aplicación cales debe cargar:

- o No caso de querer cargar un solo arquivo, facendo dobre clic sobre el ou seleccionándoo e premendo o botón .
- o No caso de querer cargar varios arquivos á vez, seleccionándoos e premendo o botón .

O sistema, tras comprobar o correcto formato dos arquivos seleccionados, cubrirá o campo *Arquivos* co nome dos mesmos.

O botón permítenos acceder directamente á pantalla de xestión dos filtros que se empregarán nos distintos procesos de cruce.




Ilustración 2.3: Cargar archivos IGE – Pantalla xestión de filtros

O seu funcionamento explícase de forma detallada no apartado 5.5 deste manual.

A casilla de opción *Seleccionar un ficheiro dbf ou unha exportación do mesmo* emprégase para distinguir na importación entre arquivos en formato texto, que estarán todos no novo formato do IGE, ou ficheiros en formato dbase convertidos a partires dun ficheiro de texto con formato vello.

Unha vez indicado o arquivo ou arquivos a cargar, habilitarase o botón **Seguinte** que nos guiará ó segundo paso.

Nota: Para volver ver a pantalla de presentación da funcionalidade, premer o botón **Anterior**.

Paso 2

Carga archivos IGE

Revisión dos datos dos archivos (Paso 2 de 3)
Información dos arquivos seleccionados para cargar no sistema.

Se está de acordo cos datos dos arquivos de datos procedentes do IGE pulse 'Seguinte' para poder continuar co proceso.

-	Arquivo	Mes	Ano	Provincia	Tipo Envío	Anterior	Inci.
<input type="checkbox"/>	d36_0805	Agosto	2005	PONTEV...	Lote Mensual	N	S
<input type="checkbox"/>	d36_0905	Setembro	2005	PONTEV...	Lote Mensual	N	S
<hr/>							
<hr/>							
<hr/>							
<hr/>							
<hr/>							

Incidencias

Anterior **Seguinte** **Cancelar**

Ilustración 2.4: Carga de Datos dos Arquivos do IGE – Información dos arquivos de carga

O segundo paso é a revisión por parte do usuario dos datos dos archivos seleccionados no primeiro paso.

A columna *Anterior* indica se o arquivo foi cargado anteriormente.

A última columna *Inci.* indica si se produciu algunha incidencia durante o proceso de análise dos arquivos, é dicir, si se detectou algún dato erróneo nos mesmos. Nese caso, seleccionando o arquivo e premendo o botón **Incidencias**, mostrarse un informe cos campos e valores incorrectos encontrados. Para estes gardarase o valor apropiado por defecto.




Ilustración 2.5: Carga de Datos dos Arquivos do IGE – Informe de incidencias

Se o usuario está de acordo coa información exposta deberá marcar a casilla dos arquivos para os cales deseñe continuar o proceso de carga, descartando así os non marcados.

Poderán seleccionarse arquivos distintos ós xa seleccionados premendo o botón **Anterior**. Isto guiaranlos ata o paso anterior.

Premendo o botón **Seguinte** pasaremos ó seguinte paso.

Paso 3

O terceiro paso é a revisión dos datos poboacionais dos arquivos, onde o usuario poderá decidir qué rexistros anexar ó sistema. Estes datos, segundo o grao de coincidencia cos obrantes no sistema, están distribuídos en dúas solapas: Coincidentes, e Non Coincidentes.

Coincidentes.

-	Nº BED	DNI	Nome	Apelidos	Cod	Arquivo
<input checked="" type="checkbox"/>	100085...	J	JOSE	VILAS SILVOSA	N	d15_0010

Ilustración 2.6: Carga de Datos dos Arquivos do IGE – Revisión Rexistros Coincidentes

Nesta solapa atópanse os boletíns xa existentes no sistema, é dicir, aqueles que cumplen algún dos filtros de coincidencia definidos.

No caso de que un rexistro do arquivo IGE coincida con varios poboacionais xa rexistrados no sistema, entón aparecerá na lista tantas veces como coincidencias se produciran. Ademais neste caso os rexistros serán mostrados en cor vermella.

Por defecto ningún dos boletíns desta solapa será cargado no sistema, polo que terán a súa casiña asociada desmarcada. O usuario poderá actualizar rexistros no sistema marcando a súa casiña, prevalecendo sempre os datos do arquivo IGE no caso de coincidencia.

Isto é útil cando no sistema se dan de alta os datos illados dunha necropsia. Agora, ó localizar un rexistro coincidente pódense anexar os datos que veñen no ficheiro cos da necropsia existente.

Cando se marca a casiña de un poboacional que coincide con varios no sistema, os demais rexistros da lista en cor vermella que fan referencia ó mesmo poboacional pasarán a mostrarse en cor gris, ademais impedirase a súa selección.

O usuario pode anexar rexistros coincidentes ó sistema seleccionando un dos existentes e premendo o botón **Non Coincid**. Neste caso, o rexistro seleccionado, pasa á solapa de Non coincidentes, onde vai estar marcada a casiña asociada. Será como cargar un novo rexistro.

No caso de que o poboacional que se pasa á solapa de non coincidentes sexa un con varios coincidentes, entón os demais rexistros da lista que fan referencia ó mesmo poboacional serán eliminados da lista de coincidentes.

O usuario pode eliminar os rexistros coincidentes da base de datos premando o botón **Eliminar**. Esta acción eliminará o rexistro de Caron al finalizar el asistente. O premer o botón aparecerá unha pantalla para recoller o motivo de baixa do poboacional:



Ilustración 2.6.1: Motivo de eliminación do rexistro

Para poder comparar os datos que veñen no ficheiro cos existentes no sistema seleccionarase o rexistro a comprobar e premerase o botón **Ver Datos**. Os datos que coincidan serán mostrados en cor vermella.

Dato	Valor en CARON	Valor en arquivo de carga
Nome boletín	JOSE	JOSE
Nome TS	JOSE	JOSE
Primer apellido boletín	VILAS	VILAS
Primer apellido TS	VILAS	VILAS
Segundo apellido boletín	SILVOSA	SILVOSA
Segundo apellido TS	SILVOSA	SILVOSA
Sexo boletín	Home	
Sexo TS	Home	Home
Data de nacemento boletín	06/01/1931	06/01/1931
Data nacemento TS	06/01/1931	06/01/1931
DNI	33140391J	J
Número da seguridade social		
Teléfono de residencia		
País de residencia	ESPAÑA	ESPAÑA
Autonomía de residencia	GALICIA	GALICIA
Provincia de residencia	A CORUÑA	A CORUÑA
Concello de residencia	VEDRA	VEDRA
Parroquia de residencia		
Localidade de residencia		
Código postal de residencia		15885
Endereço de residencia	MONTELLES DE ARRIBA	MONTELLES DE ARRIBA
Número de portal de residencia	12	12
Porta de residencia		

Ilustración 2.7: Carga de Datos do Arquivo do IGE – Comparación de rexistros

Non Coincidentes.

Carga arquivos IGE

Revisión dos datos poboacionais arquivo (Paso 3 de 3)
Información sobre os datos poboacionais que contén o arquivo do IGE.

-	Nº BED	DNI	Nome	Apelidos	Cod	Arquivo
<input checked="" type="checkbox"/>	36768784	88888888Y	NOME	APE1 APE2	N	d36_0905
<input checked="" type="checkbox"/>	36768797	99999999R	NOME	APE1 APE2	N	d36_0905
<input checked="" type="checkbox"/>	36768801	00000000T	NOME	APE1 APE2	N	d36_0905
<input checked="" type="checkbox"/>	36768823	2222222J	NOME	APELIDO1 APELIDO2	N	d36_1005
<input checked="" type="checkbox"/>	36768839	33333333P	NOME	APELIDO1 APELIDO2	N	d36_1005
<input checked="" type="checkbox"/>	36768844	44444444A	NOME	APELIDO1 APELIDO2	N	d36_1005
<input checked="" type="checkbox"/>	36768857	55555555K	NOME	APELIDO1 APELIDO2	N	d36_1005

Ver Datos **Anterior** **Finalizar** **Cancelar**

Ilustración 2.8: Carga de Datos do Arquivo do IGE – Revisión Rexistros Non Coincidentes

Nesta solapa atópanse aqueles datos que non cumplen ningún dos filtros de Coincidencia nin de Non Coincidencia e os dos rexistros que foron mandados dende a solapa de Coincidentes.

Por defecto, todos os BED estarán marcados para ser anexados ó sistema, podendo o usuario desmarcar aqueles que non deseñe anexar.

Revisados os datos, o usuario poderá premer o botón **Finalizar** para proceder á carga dos seleccionados no sistema.

Resumo




Ilustración 2.9: Carga de Datos dos Arquivos do IGE – Resumo do asistente

Despois da actualización do sistema presentarase un resumo da carga realizada, que o usuario poderá imprimir premendo o botón **Imprimir**.

Unha vez consultado o informe poderase pechar o asistente premendo o botón **Pesar**.

En calquera dos pasos poderase cancelar o proceso de carga dos datos premendo o botón **Cancelar**. Aparecerá unha ventá preguntando se realmente se está seguro de abandonar o asistente.




Ilustración 2.10: Carga de Datos do Arquivo do IGE – Advertencia de abandono do asistente

Unha vez finalizada a carga do ficheiro é posible que nos aparezca unha mensaxe do Outlook® indicándonos que alguén está intentando acceder a el. Isto é debido a que o proceso de carga dos ficheiros do IGE leva asociado o envío dunha serie de correos electrónicos informando que hai novos ficheiros no sistema.




Ilustración 2.11: Carga de Datos do Arquivo do IGE – Advertencia de Outlook®

Premeremos o botón **Sí** para autorizar o envío deses correos electrónicos. Verase unha barra de progreso mentres se preparan os correos e unha advertencia de que podería ser un virus, cousa que é totalmente falsa.



Ilustración 2.12: Carga de Datos do Arquivo do IGE – Preparando envío de Outlook®

Premeremos de novo o botón **Sí** enviando definitivamente o correo.

2.3. IMPORTAR DATOS DO CMBD PERINATAL



Ilustración 2.13: Importar Datos do CMBD Perinatal

Desde esta funcionalidade importaranse os datos de mortalidade infantil enviados polo CMBD en formato Excel (XLS).

A primeira vez en empregar esta funcionalidade aparecerá a pantalla de presentación do asistente que guiará ó usuario durante a carga de datos. Para ir o primeiro paso da carga deberase premer o botón **Seguinte**.

Nota: Para ir directamente ó primeiro paso a próxima vez que se empregue esta funcionalidade, marcar a casilla “Non volver a mostrar esta pantalla”.




Ilustración 2.14: Importar Datos do CMBD Perinatal – Selección de arquivo

O primeiro paso da carga de datos é a selección do arquivo remitido. Este pódese indicar de dúas formas:

- Tecleando a ruta completa no campo *Ubicación arquivo*
- Premendo o botón **Examinar** situado xunto ó campo *Ubicación arquivo*, onde se abrirá unha ventá de selección de arquivos. O usuario poderá moverse pola estrutura de directorios ata atopar o arquivo que desexa cargar. Unha vez localizado, deberá indicar á aplicación que arquivo deberá cargar: facendo dobre clic sobre el ou seleccionándoo e premendo o botón **Abrir**. O sistema comprobará entón o correcto formato do arquivo seleccionado antes de proceder a cubrir o campo *Ubicación arquivo* coa ruta do mesmo.

Unha vez máis o botón **Ver Filtros** permítenos acceder directamente dende aquí á pantalla de xestión dos filtros que se empregarán nos distintos procesos de cruce. No apartado 5.5 deste manual, explícase o funcionamento desta pantalla de forma más detallada.

Unha vez seleccionado o arquivo a cargar habilitarase o botón **Seguinte** que nos guiará ó segundo paso.

Nota: Para volver ver a pantalla de presentación da funcionalidade, premer o botón

Anterior.



Ilustración 2.15: Importar Datos do CMBD Perinatal – Información do arquivo

O segundo paso é a revisión por parte do usuario dos datos do arquivo seleccionado no primeiro paso.

Si se produciu algunha incidencia durante o proceso de análise do arquivo, é dicir, si se detectou algún dato erróneo no mesmo, o botón **Incidencias** estará habilitado. Preméndoo mostrárase un informe cos campos e valores incorrectos encontrados, tanto nos rexistros de nais como nos de nenos. Para estes gardarase o valor apropiado por defecto.




Ilustración 2.16: Carga de Datos dos Arquivos CMBD – Informe de incidencias

O usuario poderá seleccionar outro arquivo premendo o botón **Anterior** que o guiará ata o paso anterior.

Se o usuario está de acordo deberá premer o botón **Seguinte** para pasar ó seguinte paso.

O terceiro paso é a revisión dos datos poboacionais do arquivo, onde o usuario poderá modificar os datos e coincidencias propostas. Estes datos, segundo o grao de coincidencia cos obrantes no sistema, atópanse distribuídos en dúas pestanas: Coincidentes e Non Coincidentes.

Coincidentes.




Ilustración 2.17: Importar Datos do CMBD Perinatal –Rexistros Coincidentes

Nesta solapa atópanse os datos que cumplen algún filtro de coincidencia.

No caso de que un rexistro do arquivo CMBD coincida con varios poboacionais xa rexistrados no sistema, entón aparecerá na lista tantas veces como coincidencias se produciran. Ademais neste caso os rexistros serán mostrados en cor vermella. Si este poboacional procede do ficheiro de nais, o número de aparicións multiplicarase a súa vez polo número de rexistros xerados de acordo co seu código V27.

Por defecto ningún dos boletíns desta solapa será cargado no sistema, polo que terán a súa casiña asociada desmarcada. O usuario poderá actualizar rexistros no sistema marcando a súa casiña.

Isto é útil cando no sistema se dan de alta os datos illados dunha necropsia. Agora, ó localizar un rexistro coincidente pódense anexar os datos que veñen no ficheiro cos da necropsia existente.

Cando se marca a casilla dun poboacional que coincide con varios no sistema, os demais rexistros da lista en cor vermella que fan referencia ó mesmo poboacional pasarán a mostrarse en cor gris, ademais impedirase a súa selección.

O usuario tamén poderá anexar rexistros coincidentes ó sistema seleccionando un dos existentes e premendo o botón **Non Coincid**. Neste caso, o rexistro seleccionado, pasa á solapa de Non coincidentes, onde vai estar marcada a casilla asociada. Será como cargar un novo rexistro.

No caso de que o poboacional que se pasa á solapa de non coincidentes sexa un con varios coincidentes, entón os demais rexistros que fan referencia ó mesmo poboacional serán eliminados da lista de coincidentes.

Para poder comparar os datos que viñen no ficheiro cos existentes no sistema premerase o botón **Ver Datos**. Os datos que coincidan serán mostrados en cor vermella.




Ilustración 2.18: Importar Datos do CMBD Perinatal – Comparar rexistros

Non Coincidentes.




Ilustración 2.19: Importar Datos do CMBD Perinatal –Rexistros Non Coincidentes

Nesta solapa están aqueles datos que non cumplen ningún filtro de Coincidencia nin de Non Coincidencia e os que foron mandados dende a solapa de Coincidentes.

Por defecto, todos os BED estarán marcados para ser anexados ó sistema, podendo o usuario desmarcar aqueles que non deseñe anexar.

Unha vez revisados os datos, o usuario poderá premer o botón **Finalizar** para proceder á carga dos mesmos no sistema.




Ilustración 2.20: Importar Datos do CMBD Perinatal –Resumo do asistente

Unha vez actualizado o sistema presentarase un resumo da carga realizada, que o usuario poderá imprimir premendo o botón **Imprimir**.

En calquera dos pasos poderase cancelar o proceso de carga dos datos premendo o botón **Cancelar**. Aparecerá unha ventá que lle preguntará ó usuario se realmente está seguro de abandonar o asistente.




Ilustración 2.21: Importar Datos do CMBD Perinatal – Advertencia de abandono do asistente

3. REXISTROS

3.1. INTRODUCIÓN

Unha vez efectuada a carga de datos no sistema procederase á xestión dos novos rexistros cargados. Esta xestión, que se realizará, é a revisión dos datos cargados e a codificación das causas de defunción.

No menú da aplicación correspondente a “Rexistros” facilitanse as seguintes funcionalidades:

- Localización e codificación dos Boletíns Estatísticos de Defunción
- Localización e codificación dos datos do CMBD Perinatal
- Xestión de rexistros independentemente da súa procedencia (IGE, CMBD ou rexistros manuais)

As seccións contidas neste capítulo son:

Codificar Boletíns. Asistente que guiará ó usuario por todo o proceso de codificación dun Boletín Estatístico de Defunción.

Localizar archivos IGE. Opción que localiza arquivos procedentes do IGE (Lotes u OCA) para o posterior procesamento dos datos que contén.

Localizar rexistros CMBD Perinatal. Opción para localizar rexistros provenientes do CMBD Perinatal para a súa posterior manipulación.

- Codificar mortalidade Perinatal

Xestión de rexistros. Localización e mantemento (creación, modificación e eliminación) de todos os rexistros poboacionais existentes na aplicación.

- Datos poboacionais

3.2. CODIFICAR BOLETÍNS

Unha vez cargados os datos do IGE, débese proceder a codificar a causa ou causas de mortalidade desde os boletíns orixinais de defunción ó sistema.

Este proceso permite revisar e/ou actualizar os datos de defunción recibidos do IGE e completar as súas causas de defunción. Débense transcribir os textos dos distintos apartados das causas de mortalidade.

O sistema permitirános elixir entre varias modalidades de codificación:

- Simple ou múltiple
- Manual ou Normalización literais




Ilustración 3.1: Codificar Boletíns – Inicio do asistente

A primeira vez en emplegar esta funcionalidade aparecerá a pantalla de presentación do asistente que guiará ó usuario durante a carga de datos. Para ir o primeiro paso da carga deberase premer o botón **Siguiente**.

Nota: Para ir directamente o primeiro paso a próxima vez que se empregue esta funcionalidade, marcar a casilla “Non volver a mostrar esta pantalla”.




Ilustración 3.2: Codificar Boletíns – Selección do BED a codificar

O primeiro paso da codificación é a selección do boletín a codificar e débese cubrir o MNP-52.

Unha vez indicado o boletín a codificar habilitarase o botón **Siguiente** que, tras premerse, guiaranos ó seguinte paso da codificación.

Nota: Para volver ver a pantalla de presentación da funcionalidade, premer o botón **Anterior**.

Dependendo da orixe de importación do boletín que pretendemos codificar (un ficheiro de texto no novo formato ou un ficheiro dbf), o asistente de codificación que se presente será diferente. A continuación detállanse os procedementos de codificación para cada un dos dous formatos.

3.2.1. Asistente de codificación para un boletín procedente dun formato antigo

Codificación das causas de mortalidade

Está vostede a codificar as causas de mortalidade do **BED nº 36771235**
pertencente a **NOM APE1 APE2**
finado o día **07/11/2005**

A orixe do Boletín é **Boletín con formato antigo**

Datos da Inscrición

Rex.: 01	Provincia: 36 ... PONTEVEDRA	Concello: 051 ... SANXENXO
Data Inscrición: 09/11/2005	Tomo: 57	Páxina: 229
		Data defunción: 07/11/2005

Datos persoais

Nome: NOM	1º Apelido: APE1	2º Apelido: APE2	DNI: 11111111H
-----------	------------------	------------------	----------------

Datos nacemento

Data nacemento: 18/01/1921	País nacemento: 108 ... ESPAÑA	Comunidade nacemento: 11 ... GALICIA
Provincia nacemento: 36 ... PONTEVEDRA	Concello nacemento:	

[Anterior](#) [Seguinte](#) [Cancelar](#)

Ilustración 3.3: Codificar Boletíns – Revisión de datos de inscripción, persoais e nacemento.

Neste paso revisaranse os datos da inscripción, persoais e nacemento do finado. A partir deste paso indicarase na cabeceira da pantalla do asistente o número de boletín que se está codificando e, unha vez cuberta a data de defunción e datos persoais, a persoa á que pertence o boletín e día de defunción.

Igualmente poderanse revisar datos persoais como nome e o apellido; os cales xunto co número de boletín, a data de defunción e a orixe do boletín aparecerán sempre durante toda a execución do asistente na súa cabeceira.

Está vostede a codificar as causas de mortalidade do **BED nº 36771235**
pertencente a **NOM APE1 APE2**
finado o día **07/11/2005**

A orixe do Boletín é **Boletín con formato antigo**

Ilustración 3.4: Codificar Boletíns – Información sobre o boletín a codificar

O usuario poderá seleccionar outro boletín premendo o botón [Anterior](#) que o guiará ata o paso anterior.

Unha vez revisados os campos premerase o botón [Siguiente](#) para pasar ó seguinte paso.

Codificación das causas de mortalidade

Está vostede a codificar as causas de mortalidade do **BED nº 36771235**
pertencente a **NOM APE1 APE2** finado o día **07/11/2005**

A orixe do Boletín é **Boletín con formato antigo**

Datos persoais

Sexo:	Estado civil:
0 ... Muller	3 ... Viudo/a
Profesión:	Nacionalidade:
12 ... Pessoas que realizan ou comp	108 ... ESPAÑA

Datos residencia

País residencia:	Comunidade residencia:				
108 ... ESPAÑA	11 ... GALICIA				
Provincia residencia:	Concello residencia:				
36 ... PONTEVEDRA	...				
Tipo vía:	Domicilio:	Nº: Esc: Pt: Po:			
CL ... RUA	PRINCIPAL	5	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

Colexiado

Provincia colexio médico:	Nº Colexiado:	CNP:
...

Botones

Ilustración 3.5: Codificar Boletíns – Revisión de datos persoais, de residencia e do colexiado.

Neste paso revisaranse os datos persoais do finado, os datos correspondentes a súa residencia e os do colexiado que certificou a súa morte.

Se cubrimos a provincia e o número do colexiado, obterase o código CNP. Se ó obter este código, se atopan máis dunha coincidencia para os datos introducidos, mostraranse nunha pantalla os resultados obtidos.

Ilustración 3.6: Codificar Boletíns – Pantalla que mostra os resultados da procura do CNP.

Se o colexiado ten cuberto o campo CNP e se preme o botón ..., a aplicación intentará localizar os datos correspondentes a ese colexiado e mostraraos nunha pantalla, sempre e cando só se atope unha coincidencia.

Ilustración 3.7: Codificar Boletíns – Pantalla que muestra más datos sobre un colegiado.

Pódense localizar os datos dun colexiado, premendo o botón  . Este botón mostra unha pantalla de procura.

Ilustración 3.8: Codificar Boletíns – Pantalla para realizar a procura un colegiado.

Un colexiado pode ser localizado polo seu CNP ou por outros datos. Unha vez establecidos os filtros de procura, premerase o botón **Procurar**. Os resultados obtidos mostraranse na parte inferior do formulario. Se se obtivo o colexiado desexado, bastara con seleccionalo na lista e premer o botón **Aceptar**. Os datos do colexiado seleccionado mostraranse no asistente. Premendo o botón **Cancelar** volverase o asistente sen recuperar ningún dato do colexiado.

O usuario poderá revisar os datos anteriores no botón **Anterior** que o guiará ata o paso anterior.

Unha vez revisados os campos premerase o botón **Siguiente** para pasar ó seguinte paso.

Ilustración 3.9: Codificar Boletíns – Datos da necropsia

Unha vez rematada a revisión das necropsias o usuario poderá revisar os datos anteriores premendo o botón **Anterior** que o guiará ata o paso anterior.

Unha vez revisados os campos premerase o botón **Siguiente** para pasar ó seguinte paso.

Codificación das causas de mortalidade

Está vostede a codificar as causas de mortalidade do pertencente a **NOM APE1 APE2**
A orixe do Boletín é **Boletín con formato antigo**

BED nº 36771235
finado o día **07/11/2005**



Datos do finado
Fillo de: _____ e de: _____
NOMEDOPAI NOMEDANAI

Consecuencia da defunción
A consecuencia de: _____

MNP-52

Provincia:	Concello:	Xul:	Tipo:	Número:
_____	_____	_____	_____	_____

Motivo
Motivo suposto:
1 ... ACCIDENTE DE TRÁFICO
Tipo motivo:
4 ... NON ESPECIFICADO
Especificar tipo motivo:

Accidente de tráfico
Condición do finado:
_____ Especificar condición finado:

Tipo de accidente:
_____ Especificar tipo accidente:

Vehículo do finado:
_____ Vehículo contrario:

Anterior **Siguiente** **Cancelar**

Ilustración 3.10: Codificar Boletíns – Pantalla do MNP-52

Neste paso se no inicio do asistente marcamos a casilla correspondente a ‘MNP-52/Boletín xudicial’ nesta pantalla debemos transcribir os datos do MNP-52.

Unha vez rematada a revisión do MNP-52 o usuario poderá revisar os datos anteriores premendo o botón **Anterior** que o guiará ata o paso anterior.

Unha vez revisados os campos premerse o botón **Siguiente** para pasar ó seguinte paso.

Codificación das causas de mortalidade

Está vostede a codificar as causas de mortalidade do pertencente a **NOM APE1 APE2**
A orixe do Boletín é **Boletín con formato antigo**

BED nº 36771235
finado o día **07/11/2005**



Causas de defunción

- I.- Causa inmediata

- IIa.- Causa antecedente intermedia

- IIb.- Causa antecedente fundamental

- III.- Outros procesos

Anterior **Siguiente** **Cancelar**

Ilustración 3.11: Codificar Boletíns – Textos das causas de defunción

Unha vez revisados todos os datos do boletín e da necropsia e/ou MNP-52, se procede, chega o momento de transcribir os textos de causas de defunción do boletín.

Para iso dispoñemos dunha pantalla cos catro apartados correspondentes onde iremos escribindo cada un dos textos tal e como veñen no Boletín Estatístico de Defunción. Estes apartados son:

- Causa inmediata
 - Causa antecedente intermedia
 - Causa antecedente fundamental
 - Outros procesos.

O usuario poderá seleccionar outro boletín premendo o botón [Anterior](#) que o guiará ata o paso anterior.


Unha vez cubertos os campos do finado premerase o botón  para pasar ó seguinte paso.

Ilustración 3.12: Codificar Boletíns – Resultado da normalización

Se escollemos, dentro das opcións xerais da aplicación, a opción de ‘normalización de literais’ aparecerános os resultados do proceso de normalización.

Para revisar os datos bastará facer dobre clic sobre o elemento seleccionado ou premer o botón ‘Ver’ para que aparezca unha pantalla cos datos correspondentes a ese elemento.



Ilustración 3.13: Codificar Boletíns – Literal normalizado

Se o que desexamos é acceder ó diccionario principal debemos premer o botón 'Dicionario'.




Ilustración 3.14: Codificar Boletíns – Abandono temporal do asistente

Momentaneamente sairemos do asistente para poder interactuar co diccionario. O *funcionamento e manexo do diccionario* tratarase noutro apartado deste manual.

O usuario poderá revisar os datos anteriores premendo o botón **Anterior** que o guiará ata o paso anterior.

Unha vez cubertos os campos do finado premerase o botón **Siguiente** para pasar ó seguinte paso.




Ilustración 3.15: Codificar Boletíns – Codificación do asistente

Neste punto deberase xerar a secuencia correcta de códigos de defunción a partir dos códigos obtidos no paso anterior:

- Un só código na causa fundamental se nas opcións da aplicación non seleccionaron 'codificación múltiple'.
- Un código na causa fundamental e unha vez que se teña cuberta, podemos introducir de 0 a 'n' códigos nas outras reixas de causas de defunción.

Para pasar datos dunha reixa principal de códigos a unha das catro causas de defunción e viceversa, esta debe estar seleccionada. Para seleccionar a reixa deberase premer sobre ela co rato ou mediante o uso das teclas de acceso rápido correspondente:

- Av. Páx-Re: Páx., para avanzar e retroceder entre as reixas de causas de defunción. O foco pasa á reixa principal.
- F2-F5: O foco pasa directamente a unha das reixas de causas de defunción. O foco pasa á reixa principal
- F6-F9: O foco pasa directamente a unha das reixas de causas de defunción. O foco pasa a esa reixa.

Unha vez que teñamos seleccionada unha reixa poderanse intercambiar elementos segundo diversas técnicas:

- Teclas do cursor '→' y '←'
- Doble clic do rato
- Arrastrar e soltar elementos entre reixas
- Co botóns ' '> ' y ' < '

Os elementos da reixa principal non se eliminan da mesma cando pasan para algúna das outras, simplemente cambian de cor. Recuperan a súa cor orixinal se se eliminan da reixa de causas de mortalidade na que estaban.

Durante todo o proceso estarán activos os sistemas de detección de avisos e erros, que nos informarán das posibles incidencias que poden ocorrer durante o proceso de asignación de códigos.

Se desexamos engadir un código CIE manualmente dispoñemos de un Textlist específico para esa función:



Ilustración 3.16: Codificar Boletíns – TextList CIE

Teclearemos neste compoñente o código CIE que desexamos engadir, aparecerán a súa descripción e se prememos o botón ese código engadirase á reixa de códigos e á reixa de causas de defunción activa nese momento. Para eliminar un código da reixa principal premeremos tendo en conta se ese código está nalgúnha das reixas das causas de defunción tamén se eliminará.

Se desexamos localizar algúun código CIE premeremos sobre o botón intermedio do compoñente e levarános á pantalla de localización de CIE's.




Ilustración 3.17: Codificar Boletíns – Pantalla localización CIE's

A información de uso desta pantalla é accesible desde a aplicación premendo a tecla F1.

O usuario poderá revisar os datos anteriores premendo o botón [Anterior](#) que o guiará ata o paso anterior.

Unha vez cubertos os campos do finado premerase o botón  para pasar ó seguinte paso.

Codificación das causas de mortalidade

Está vostede a codificar as causas de mortalidade do pertencente a **NOM APE1 APE2**
finado o día **07/11/2005**

A orixe do Boletín é **Boletín con formato antigo**

Variables de calidad e explotación

Identificación	Idioma
<input checked="" type="checkbox"/> Inclúe Firma <input checked="" type="checkbox"/> Número de colexiado	<input type="radio"/> Galego <input checked="" type="radio"/> Castelán

Escritura		
Letra ilexible: <input type="checkbox"/> C. Inmediata <input type="checkbox"/> C. Intermedia <input type="checkbox"/> C. Fundamental <input type="checkbox"/> O. Procesos	Siglas: <input type="checkbox"/> C. Inmediata <input type="checkbox"/> C. Intermedia <input type="checkbox"/> C. Fundamental <input type="checkbox"/> O. Procesos	Abreviaturas: <input type="checkbox"/> C. Inmediata <input type="checkbox"/> C. Intermedia <input type="checkbox"/> C. Fundamental <input type="checkbox"/> O. Procesos

Para iniciar un cruce con *Cancro de Mama* seleccionaremos dito cruce e premeremos o botón **Iniciar**. O sistema iniciará o cruce con *Cancro de Mama* e, unha vez cruzado, indicará o resultado final do mesmo:

- Se non queda ningún rexistro por cruzar indicarase que o cruce finalizou con éxito.



- Se queda algúun rexistro por cruzar indicarase que o cruce foi iniciado con éxito é darase a opción de revisar os rexistros dubidosos.



Se respondemos *Non* volveremos á pantalla de xestión de cruces, onde a reixa xa mostra o novo estado do cruce, e se respondemos *Sí* a aplicación abrirános a pantalla de revisión dos estados do cruce explicada máis adiante.

Para continuar a revisión dos estados dun cruce premeremos o botón **Continuar**. Isto abrirános a seguinte pantalla:




Ilustración 4.11: Pantalla revisión rexistros

O funcionamento desta pantalla é exactamente igual á descrita en cruces manuais, exceptuando a existencia do botón **Filtro** e que non dispón da solapa Saída, polo que non se volverá explicar aquí.

Premendo o botón **Filtro** poderemos visualizar os criterios do filtro aplicado durante o proceso de realización do cruce.

Premendo **Exportar rldos** exportase a un arquivo Excel o listado resultado da busca coa información que aparece visible no listado.

Para bloquear os cruces impedindo así o acceso ós mesmos por parte doutros usuarios para a súa xestión, premerase o botón **Bloquear**. Procederase do mesmo xeito que para os cruces con Tarxeta Sanitaria. O estado do cruce pasará a ser “BLOQUEADO” e indicarase o nome do usuario que executou a operación. Ademais para o cruce bloqueado estará dispoñible o botón **Desbloq.**.

Premendo de novo o botón **Desbloq.** o cruce recupera o estado que lle corresponde trala súa xestión e de novo terá dispoñible o botón **Bloquear**.

Para engadir o comentario desexado ó cruce seleccionado premerase o botón **Comentario**, procedendo do mesmo xeito que para os cruces con Tarxeta Sanitaria.

4.4. CRUCES POBOACIONAIS MANUAIS

A opción “Cruces Poboacionais Manuais” do menú “Utilidades” permite ó usuario realizar a xestión dos cruces manuais do sistema.




Ilustración 4.12: Cruces poboacionais manuais

Esta pantalla atópase dividida en dúas seccións: unha superior cos filtros e botóns de procura e unha inferior cos resultados da procura e os botóns para a xestión dos mesmos, dando todo iso lugar ás seguintes posibles accións:

- Localizar os cruces iniciados e/ou finalizados nun intervalo de datas.
- Acceder á pantalla de xestión dos filtros aplicados nos procesos de cruce.
- Crear un novo cruce manual.
- Continuar coa xestión do cruce manual seleccionado.
- Volver a realizar un novo cruce a partir do seleccionado.

Para **localizar cruces manuais** deberase premer o botón **Procurar**. Cubrirase a reixa de cruces cos cruces manuais que cumplan as condicións indicadas, é dicir, que a data de alta se atope no intervalo definido por *data dende* a *data ata* e o seu estado sexa o solicitado: iniciado, finalizado ou calquera deles.

Premendo o botón **Limpar** prepararase a pantalla para unha nova procura: borraránse os filtros de procura e os cruces atopados previamente.

Premendo **Exportar rtaos** exportase a un arquivo Excel o listado resultado da busca coa información que aparece visible no listado.

Para acceder á pantalla de xestión de filtros premerase o botón **Ver Filtros**. O seu funcionamento pode verse no apartado 5.5 deste manual.

Para crear un novo cruce manual premeremos o botón **Novo**. Isto abrirá a pantalla de creación de novos cruces manuais, onde polo menos deberemos indicar o ficheiro a cargar, a carpeta de saída e o filtro a emplegar.




Ilustración 4.13: Novo cruce manual

O ficheiro a cargar deberá estar en formato *texto* ou *Excel*, podendo indicarse de dúas formas:


- Tecleando a ruta completa no campo *Seleccionar arquivo a cargar*.
- Premendo o botón **Examinar** situado xunto ó campo *Seleccionar ficheiro a cargar*, onde se abrirá unha ventá de selección de arquivos. O usuario poderá moverse pola estrutura de directorios ata atopar o arquivo desexado. Unha vez localizado, deberá indicar á aplicación que arquivo deberá cargar:
 - Facendo dobre clic enriba del.
 - Seleccionándoo e premendo o botón **Abrir**.

O sistema cubrirá automaticamente o campo *Seleccionar arquivo a cargar* coa ruta do mesmo.

A carpeta de saída poderá indicarse da mesma forma que o arquivo: tecleando a súa ruta ou premendo o botón e seleccionar o directorio desexado.


Unha vez cubertos os campos desexados premeremos o botón para iniciar o cruce. Unha vez cruzado o ficheiro indicado co sistema CARON, o sistema indicará se se produciron incidencias ao cargar o arquivo e indicará tamén o resultado final do cruce:

- Se non queda ningún rexistro por cruzar indicarase que o cruce rematou con éxito.



Ademais, crearanse dous ficheiros na carpeta de saída indicada:

- Un primeiro ficheiro conterá os datos dos rexistros cruzados. O nome deste arquivo será o do ficheiro de entrada co prefixo “CAR_”: *CAR_NomeFicheiroEntrada.txt* ou *CAR_NomeFicheiroEntrada.xls*
- Un segundo ficheiro será o log do cruce. O nome deste arquivo será igual ó anterior pero con extensión “log”: *CAR_NomeFicheiroEntrada.log*
- Se queda algún rexistro por cruzar indicarase que o cruce foi iniciado con éxito e darase a opción de revisar os rexistros dubidosos.



Se respondemos *Non* volveremos á pantalla de xestión de cruces manuais, onde a reixa xa mostrará o novo cruce manual, e se respondemos *Sí* a aplicación abrirános a pantalla de revisión dos estados do cruce explicada a continuación.

Para continuar a revisión dos estados do cruce premeremos o botón . Isto abrirános a seguinte pantalla:




Ilustración 4.14: Revisión estado cruce

Premendo **Exportar rfdos** exportase a un arquivo Excel o listado resultado da busca coa información que aparece visible no listado.

Na parte superior da pantalla poderemos consultar os datos do cruce:

Arquivo:	Data Entrada:	Data Inicio:	Data Remate:	Tot.	Cruz.:	Dub.:	Desc.:	Estado:
Entrada.xls	20/10/2006	20/10/2006	20/10/2006	4	0	2	2	PENDENTE
1	2	3	4	5	6	7	8	9

- **Campo 1:** ficheiro de entrada do cruce
- **Campo 2:** data de creación do cruce
- **Campo 3:** data de comezo de xestión do cruce
- **Campo 4:** data na que todos os rexistros do cruce foron cruzados.
- **Campo 5:** número total de rexistros do cruce
- **Campo 6:** número de rexistros cruzados
- **Campo 7:** número de rexistros dubidosos
- **Campo 8:** número de rexistros descartados
- **Campo 9:** estado global do cruce

Na parte inferior atópanse catro solapas cos rexistros do cruce e os datos de saída:

- Solapa *Cruzados*. Nesta solapa achamos os rexistros xa cruzados, distribuídos en dúas reixas: unha superior cos rexistros cruzados automaticamente na creación do cruce e unha inferior cos rexistros cruzados polo usuario.

Ilustración 4.15: Rexistros cruzados

Se seleccionamos un rexistro de calquera das dúas reixas e prememos o botón [Ver Datos](#) visualizaranse os datos do mesmo que figuraban no arquivo de entrada, tal como se mostra na seguinte pantalla:

Dados Registro

ID:	Nome:	Primeiro Apelido:	Segundo Apelido:
2	NOME	APE1	APE2
Sexo:	DNI:	NSS:	Data Nacemento:
0 ... Muller	77777777		31/12/1965
Domicilio:	CP:	Localidade:	Teléfono:
DOMICILIO	300	FERROL	111111111
País:	Comunidade Autónoma:		
108 ... España	11	Galicia	
Provincia:	Concello:		
15 ... A CORUÑA	001	Ferrol	

Ilustración 4.16: Datos no arquivo de entrada do rexistro cruzado

Se prememos o botón  poderase visualizar un informe no que se amosarán os datos dos rexistros cruzados automaticamente e dos cruzados manualmente.

- Solapa *Descartados*. Nesta solapa atopamos os rexistros xa descartados, estando distribuídos en dúas reixas: unha superior cos rexistros descartados automaticamente na creación do cruce e unha inferior cos rexistros descartados polo usuario.

Ilustración 4.17: Revisión Descartados

Se prememos o botón **Informe** poderase visualizar un informe no que se amosarán os datos dos rexistros cruzados automaticamente e dos cruzados manualmente.


Para cruzar un poboacional descartado automaticamente con algún dos poboacionais existentes deberemos seleccionalo da reixa superior e premer o botón **Procurar**. Isto levaranos á seguinte pantalla de procura de rexistros:

Ilustración 4.18: Pantalla de procura de poboacionais

Dende aquí podemos localizar un rexistro poboacional, mediante o emprego dos correspondentes filtros de procura, como se explicou con anterioridade no apartado 3.5.

Unha vez obtidos os resultados e seleccionado o poboacional co que se desexa cruzar, premerase o botón **Cruzar**.


A seguinte mensaxe darános a opción de confirmar o cruce:



Se prememos o botón o rexistro cruzado será eliminado da solapa *Descartados* e engadido á reixa do apartado *Revisión* da solapa *Cruzados*.

Para descartar definitivamente un rexistro seleccionarémo-lo da reixa de rexistros descartados automaticamente e premeremos o botón .

Unha mensaxe pedirános confirmación:



Se prememos o botón , o rexistro descartado será eliminado da reixa *Automaticamente* e engadido á reixa *Revisión* desta mesma solapa.

Ó igual que para os rexistros da solapa *Cruzados*, se prememos o botón poden visualizarse os datos do rexistro seleccionado tal e como figuran no arquivo de entrada.

- Solapa *Dubidosos*. Nesta solapa atópanse todos os rexistros dubidosos, podendo tanto revisalos como obtelos nun informe.




Ilustración 4.19: Rexistros dubidosos

Para revisar os rexistros dubidosos premeremos o botón **Revisar**. Isto abrirános a seguinte pantalla:




Ilustración 4.20: Revisión rexistros dubidosos

Nesta pantalla poderán revisarse os rexistros áinda dubidosos e decidir con quen cruzalos, descartalos ou mantelos dubidosos.

A reixa desta pantalla mostrará os campos do cruce seleccionado e os valores asociados aos mesmos, tanto os do arquivo de carga (columna *Valor en Arquivo de Carga*) como os do posible cruce (*Valor en CARON*). Estes valores aparecerán destacados en cor vermella no caso de que coincidan. Desta forma poderase, dunha simple ollada, decidir se cruzar, descartar ou manter como dubioso o rexistro seleccionado por medio dos botóns **Cruzar**, **Dubioso** e **Descartar** respectivamente.

O usuario poderá pasar ó seguinte e anterior rexistro premendo os botóns **Seguinte** e **Anterior** respectivamente, mostrándose no recadro *Estado* o estado do mesmo. Os datos dos campos do rexistro son mostrados na columna *Valor en Arquivo de Carga*.

Así mesmo, premendo os botóns **<** e **>** o usuario poderá seleccionar, para o rexistro actual, o anterior e seguinte posible cruce co sistema. Os datos do posible cruce son mostrados na columna *Valor en CARON*.

Premendo o botón **Aceptar** gravaranse de forma permanente todos os cambios efectuados nos rexistros e volverase á pantalla de revisión dos estados de cruce, recolocando os rexistros marcados como cruzados e descartados nas súas respectivas reixas.

Premendo o botón **Cancelar** cancelaranse os cambios efectuados nos rexistros volverase á pantalla de revisión dos estados de cruce.

Para lanzar un informe cos rexistros dubidosos premeremos o botón **Dubidosos**:




Ilustración 4.21: Cabeceira informe

Info 1º Registro dubioso CARON. Rexistros relacionados en Tarjeta Sanitaria: 3

Registro polivalente CARON:

DNI:	76711250V	Data nacemento:	22/10/1975
Nome:	Miguel	1º Apelido:	Arias
Sexo:	Hombre	2º Apelido:	Fernández
Número SS:			
Número SS: 300076362186			
Domicilio:	Rúa Enrile Pardo Basán nº2, 4º D	C.P.:	32.400
Provincia:	Ourense	Comarca:	Comarca da Ulloa
País:	España		

Estado actual do rexistro: Pendente de revisión

Registros polivalentes Tarjeta Sanitaria:

DNI:	76711250V	Data nacemento:	22/10/1975
Nome:	Miguel	1º Apelido:	Arias
Sexo:	Hombre	2º Apelido:	Fdez
Número SS:			
Número SS: 300076362186			
Domicilio:	Pardo Basán nº2, 4º D	C.P.:	32.400
Provincia:	Ourense	Comarca:	Comarca da Ulloa
País:	España		

Estado actual do rexistro: Pendente de revisión

Ilustración 4.22: Corpo informe

Unha vez máis, premendo o botón **Ver Datos** poderemos visualizar os datos do rexistro seleccionado tal e como figuraban no arquivo de entrada.

- Solapa **Saída**. Esta solapa divídese á súa vez en outras tres. Soamente se permitirá a súa xestión, e por tanto só estará habilitada, no caso de que o estado global do cruce sexa *FINALIZADO*, é dicir, todos os rexistros que contén foran cruzados ou descartados.



Ilustración 4.23: Datos de saída

A continuación explícase cada unha das solapas contidas neste apartado:

- Solapa CARON. Contén os campos correspondentes á información rexistrada en CARON sobre os datos persoais e de defunción dos poboacionais. Por defecto estarán todos seleccionados, pero poderemos elixir só aqueles que queremos que aparezan no arquivo de saída que se xerará.



Ilustración 4.24: Datos de saída - CARON

- Solapa Arquivo Entrada. Os campos que figuran aquí son os mesmos que os presentes no arquivo de entrada cargado. Podemos, ó igual que no caso anterior, seleccionar os que aparecerán no arquivo de saída.



Ilustración 4.25: Datos de saída - Arquivo Entrada

- Solapa Datos Cruce. Contén os datos de saída definidos na creación do cruce manual: arquivo de carga, carpeta de saída e filtro empregado. Ademais permítese escoller entre exportar todos os poboacionais ou só os que cruzaron. Tamén se pode seleccionar o formato do arquivo de saída que se xerará (Texto ou Excel). No apartado Comentarios figuran, ademais dos introducidos na creación do cruce, os criterios do filtro que se aplicou no mesmo.




Ilustración 4.26: Datos de saída - Datos Cruce

Unha vez realizada a xestión destas solapas e premendo o botón **Arquivos**, crearánse os arquivos de saída na carpeta de saída indicada. Unha mensaxe informarános da correcta creación dos mesmos.

No caso de que xa existiran os arquivos especificados, a seguinte mensaxe de confirmación preguntaranos se desexamos sobreescrribilos.




Ilustración 4.27: Datos de saída – Mensaxe de confirmación

4.5. ESTATÍSTICAS CRUCES TS

A opción “Estatísticas Cruces TS” do menú “Utilidades” permite a visualización dos datos correspondentes ós cruces realizados con Tarxeta Sanitaria.

A información mostrada é a seguinte:

Orixé	Número	%
HU	3	20
US	7	47
VA	5	33

Ilustración 4.28: Estadísticas Cruces TS

A columna **Orixe** mostra as iniciais que corresponden á táboa onde figuran os poboacionais cruzados con Tarxeta Sanitaria. Estas son:

- HU: tdts_husuarios
 - US: tdts_usuarios
 - VA: altasrapidas

A columna **Número** indica o número de poboacionais procedentes das distintas táboas de orixe.

A columna % indica a porcentaxe que supón o número de poboacionais de cada táboa sobre o total dos cruzados con Tarxeta Sanitaria.

4.6. NORMALIZACIÓN (Dicionarios)

Os dicionarios seranno de utilidade á hora de poñer en marcha o mecanismo de normalización de literais pois neles están contidas todas as entradas de texto que darán lugar aos literais normalizados e os códigos CIE correspondentes.

Nesta pantalla podemos ver unha relación dos dicionarios existentes e cal deles é o principal.




Ilustración 4.28: Pantalla localización de diccionarios

As accións que se nos presentan son:

- Novo, para engadir un novo dicionario
- Modificar, para ver ou modificar datos do dicionario
- Eliminar, para eliminar un dicionario

Cando modificamos ou creamos un dicionario situarémonos na pantalla de 'Datos do dicionario'.




Ilustración 4.29: Pantalla principal de diccionarios

Esta atópase dividida en dúas seccións.

- Datos identificativos do dicionario:
 - Descripción do dicionario
 - Tipo de CIE empregada nos códigos
 - Idioma do mesmo
 - Se é o principal
- Entradas que o componen:
 - Índice:
 - Procurar por literal
 - Procurar por Código CIE

Índice:




Ilustración 4.30: Sección pantalla principal de diccionarios

Dividido en 2 ventás. A ventá da dereita contén os literais non normalizados que darán lugar a un dos normalizados da esquerda.

Un literal normalizado pode conter un ou varios non normalizados que o xeren.

Pódese tanto engadir, modificar como eliminar literais normalizados e non normalizados.




Ilustración 4.31: Pantalla introducción de novos literais

Nota: nas entradas de literais non normalizados non aparece a entrada Código CIE

Pódense realizar procañas alfabéticas dos literais normalizados.

Procurar por literal




Ilustración 4.32: Pantalla procurar literais

Similar á anterior. Tamén está dividida en 2 ventás.

Non permite as accións de engadir, modificar como eliminar literais normalizados e non normalizados.

Existe unha procura que difire da anterior en que non procura alfabeticamente entre os literais normalizados se non palabras dentro dos literais non normalizados. Mostra todas as que atopa na parte esquerda e o seu correspondente literal normalizado na parte dereita. Para procurar debemos premer o botón 'Procurar' despois de introducir a palabra.

Palabra clave a buscar:	Buscar
-------------------------	--------

Procurar por código CIE




Ilustración 4.33: Pantalla procurar CIE's

Como as demais tamén está dividida en 2 ventás e tampouco permite as accións de engadir, modificar como eliminar literais normalizados e non normalizados.

Existe unha procura localizar literais normalizados que conteñan. Mostra todos os que atopa na parte esquerda e o seu correspondente literal non normalizado na parte dereita. Para procurar debemos premer o botón 'Procurar' despois de introducir o código correspondente.

Código:	Buscar
---------	--------

Unha vez que rematemos de cubrir ou revisar todos os datos existentes nun dicionario debemos gardar ou descartar os cambios realizados.



- Aceptar: Gardamos os cambios e regresamos á pantalla anterior
- Cancelar: Saímos da pantalla sen gardar os cambios, pediríase nos confirmación para saír por se premeramos este botón de forma accidental
- Aplicar: Gardamos os cambios pero non regresamos á pantalla anterior

4.7. ENVIAR ARQUIVO IGE

Cando a un ficheiro ou lote procedente do IGE se lle terminan de codificar todos os boletíns que contén tense que proceder o seu envío de novo ó IGE pero cos códigos de mortalidade actualizados.




Ilustración 4.34: Pantalla localización de lotes

Esta pantalla axúdanos a localizar os arquivos procedentes do IGE que xa foron codificados na súa totalidade.

Os criterios empregados para filtrar a procura son:

- Nome do arquivo
- Ano e mes dos datos
- Provincia de orixe
- Estado (enviado, non enviado)

Cando seleccionaramos todos os filtros desexados premendo enriba de **Procurar** aparecerannos os rexistros, que cumplan os criterios, na reixa de resultados da procura.

Como en toda procura premendo o botón **Limpar** borraremos todos os filtros e resultados da procura que teñamos.

Unha vez localizado o arquivo débese especificar en que carpeta se desexa deixar para que o persoal correspondente proceda o seu envío ó IGE

Carpeta destino do lote:	<input type="text"/>	<input type="button" value="Examinar"/>
--------------------------	----------------------	---

Ó premer o botón ‘Examinar’ presentarásenos unha pantalla para seleccionar un directorio de destino.



Ilustración 4.35 Pantalla selección carpeta destino

Ó premer o botón **Enviar** procederase ó envío dese arquivo á ruta especificada.

Hai que ter en conta que se os ficheiros que conforman o lote son anteriores a Xaneiro de 2009, o formato de exportación será un ficheiro .dbf, e se os ficheiros que conforman o lote son do ano 2009 e posteriores o formato de exportación será un ficheiro de texto plano .txt e un ficheiro .dbf.

4.8. PECHE ANUAL

Nesta pantalla poderanse marcar os rexistros poboacionais dun determinado ano como pechados.




Ilustración 4.38 Pantalla de Peché Anual


Para iso, bastará seleccionar o ano que se queira pechar e premer o botón **Aceptar**. Se ese ano xa fora pechado, sae unha mensaxe de aviso.



Se se preme **Aceptar** sen introducir ningún ano, tamén sae unha mensaxe de aviso:



Se o peche do ano se realiza de maneira correcta, sae a seguinte mensaxe:



4.9. LOCALIZACIÓN REXISTROS REPETIDOS

A opción “Localización rexistros repetidos” do menú “Utilidades” permite a localización de elementos repetidos en CARON mostrando por pantalla un informe con todos aqueles rexistros que posiblemente son repetidos.

A localización destes rexistros baséase na utilización duns filtros previamente definidos polo usuario (Véxase sección Táboas Mestras apartado *Filtros*)





Ilustración 4.39 Informe de rexistros de CARON repetidos

4.10. DOCUMENTACIÓN DA VERSIÓN

A opción “Documentación da versión” do menú Utilidade permite acceder á documentación de cambios tanto da versión actual como da seguinte. Tamén permite ter acceso ó manual de usuario da versión actual. As opcións son as seguintes:

- Manual de usuario: abre o documento correspondente ó manual de usuario da aplicación na versión actual.
- Documento de cambios da versión actual: abre o documento de cambios correspondente á versión actual.
- Documento de cambios da próxima versión: abre o documento de cambios correspondente á seguinte versión da aplicación.

Para abrir cada documento soamente haberá que facer clic sobre a icona  correspondente a cada opción.



4.11. INFORMACIÓN DO SISTEMA

Esta opción do menú, permítelle ó usuario da aplicación, coñecer a información máis recente do sistema.

Últimas tarefas do usuario:	
Data e hora	Descripción da tarea
24/03/2004 10:45:23	Codificación do boletín número 58965478 del lote L15_0303 de marzo de A Coruña.
24/03/2004 10:24:12	Modificación dos datos poboacionais de Xosé Lois Pena.
24/03/2004 10:01:05	Carga no sistema do lote, procedente do IGE, L15_0303 de marzo de A Coruña.
24/03/2004 09:50:12	Engadir no sistema a un novo usuario, Miguel Araujo García, con nivel de administrador.
24/03/2004 09:01:57	Creación dun novo filtro de cruce para Tarxeta Sanitaria.

Datos de interese do sistema:

Nome do sistema: CARON
Data de actualización: 28-10-2004

Usuario conectado: Usuario de probas
Último acceso: 15/11/2004 13:16:38

O sistema CARON ten un total de 500 rexistros poboacionais cargados dos cales 360 pertencen a mortalidade xenérica e 40 a mortalidade Perinatal.

Lévanse cargados no sistema un total de 3 lotes procedentes do IGE (1 da provincia de A Coruña e 2 de Pontevedra) e 1 OCA que xeneraron un total de 480 rexistros poboacionais.

O número de lotes devoltos o IGE coas causas de mortalidade codificadas foron 2, quedando 1 por enviar.

Os ficheiros procedentes do CMBD Perinatal cargados no sistema foron 1 que xeneraron 20 rexistros poboacionais.

Existe no sistema 0 rexistro poboacional con orixe descoñecida ou introducidos manualmente.

Dos 500 rexistros poboacionais existentes xa se levan codificadas as causas de mortalidades dun total de 495

Ilustración 4.40 Formulario de Información Inicio Sesión

Trátase dunha pantalla informativa dividida en dúas seccións:

- Últimas tarefas do usuario. Nesta sección mostraranse as últimas cinco tarefas realizadas polo usuario indicando, para cada unha delas, a data e hora na que se realizou e unha pequena descripción da mesma. Ademais, facendo dobre clic sobre unha das tarefas abrirase o asistente necesario para realizar outra tarefa do mesmo tipo.
- Datos de interese do sistema. Nesta sección mostraranse o nome do sistema, data de actualización, usuario conectado, data e hora do último acceso á aplicación polo usuario e unha pequena descripción do estado actual do sistema.

O usuario poderá dispor desta información de forma impresa premendo a icona .

Esta información ocultarase ó seleccionar calquera opción da aplicación.

5. TÁBOAS MESTRAS

5.1. INTRODUCCIÓN

Como na maior parte dos sistemas de información existen certos datos que deben estar previamente codificados, rexistrados ou asignados no sistema.

As seccións contidas neste capítulo son:

Áreas xeográficas. Permite a visualización de todos os lugares xeográficos que emprega a aplicación.

- País
- Comunidade Autónoma
- Provincia
- Concello
- Parroquia

CIE. Permite a visualización e xestión de todos os datos relacionados cos CIE's existentes na actualidade e empregados por CARON.

- CIE's
- Grupo Xenérico CIE
- Grupo Especial CIE
- Lista Reducida CIE

Erros/Avisos. Xestión dos Erros/Avisos que se producen durante o proceso de codificación.

Filtros. Utilizados a hora de realizar todos os cruces que existen na aplicación, incluídos a localización de coincidentes e localización de repetidos.

Forenses. Xestión dos médicos forenses.

Necropsia. Permite a xestión de todos os datos relacionados coas necropsias.

- Grupo motivos
- Tipo Motivos
- Condición finado
- Tipo accidente
- Tipo vehículo

Perinatal. Permite a xestión de todos os datos relacionados coas fichas do CMBD Perinatal.

- Centro Sanitario
- Momento defunción
- Tipo nacemento
- Tipo parto
- Control xestacional
- Estado necropsia

Marca. Natureza das modificacións que sufriu o BED durante proceso de codificación.

Correo electrónico. Indica a onde se enviarán os correos electrónicos de avisos para Cancro de Mama e Tarxeta Sanitaria.

Chamadas. Distintos tipos de chamadas que pode realizar a persoa que está a codificar un boletín.

Concellos Publicables. Permite a xestión dos datos relativos ós concellos publicables.

En cada sección realizaase o mantemento das táboas mestras do propio apartado.

As seccións *CIE*, *Erros/Avisos*, *Filtros*, *Forenses* e *Concellos Publicables* están en cinco táboas soltas.

As seccións *Áreas Xeográficas*, *Necropsia*, *Perinatal*, *Marca*, *Correo Electrónico* e *Chamadas* son mantidas nunha pantalla de xestión común:




Ilustración 5.1: Xestión común de Táboas Mestradas

Na marxe esquerda da pantalla atopámonos coas distintas táboas mestras agrupadas en tres bloques principais:

- un para as Áreas Xeográficas: País, Comunidade Autónoma, Provincia, Concello e Parroquia
- outra para as Necropsias: Grupo Motivo Necropsia, Tipo Motivos, Condición Finado, Tipo Accidente e Tipo Vehículo
- outra para Perinatal: Centro Sanitario, Momento Defunción, Tipo Nacemento, Tipo Parto, Control xestacional e Estado Necropsia
- e outras para Marca, para Correo Electrónico e para Chamadas.

Na marxe dereita atopámonos unha reixa, cos valores da táboa mestra seleccionada, e os botóns **Engadir**, **Modificar** e **Eliminar** necesarios para a xestión da mesma.

Toda a xestión realizada será mantida en memoria e só será gravada de forma permanente ó premer o botón **Aceptar** ou **Aplicar**.

Se existe algúun cambio pendente de gravación e se cambia de táboa mestra ou se preme o botón **Cancelar** mostrárase unha mensaxe indicando que existen cambios pendentes de gravación. O usuario poderá optar entre permanecer na pantalla ou continuar coa acción e perder os cambios.

Para crear un novo rexistro na táboa mestra seleccionada, deberá premer o botón **Engadir**. Isto abrirá a pantalla de creación dun novo rexistro onde deberemos completar os campos para a creación do novo rexistro: un *código* e a súa correspondente *descripción*.




Ilustración 5.2: Xestión común de Táboas Mestradas – Novo Rexistro

Algunha táboa mestra necesitará vincularse con algún rexistro doutra táboa mestra. Neste caso mostraranse os correspondentes campos de vinculación, tal e como é o caso *Motivo Necropsia*:




Ilustración 5.3: Xestión común de Táboas Mestradas – Novo Rexistro con vinculación a outras Táboas Mestradas

Ó premer o botón **Aceptar**, se nin o código nin a descripción coinciden con algún xa creado, crearáse un novo rexistro en memoria e volverase á pantalla de xestión común. No caso contrario, mostrarse unha mensaxe ó usuario lembrando esta restrición.

Se se preme o botón **Cancelar** cancelarase a creación do novo rexistro e volverase á pantalla de xestión.

Para modificar un rexistro da táboa mestra seleccionada, deberá primeiro seleccionalo entre os mostrados na reixa e despois premer o botón **Modificar**. Isto abrirá a pantalla de datos do rexistro cos campos cubertos, sendo a súa funcionalidade idéntica á descrita na creación.

Para eliminar un rexistro da táboa mestra seleccionada, deberá primeiro seleccionalo entre os mostrados na reixa e despois premer o botón **Eliminar**. O usuario non recibirá ningunha mensaxe de advertencia posto que os cambios son realizados en memoria, e non son gravados ata premer o botón **Aceptar** ou **Aplicar**.

5.2. ÁREAS XEOGRÁFICAS

Este apartado permite consultar os datos de zonas xeográficas definidas no sistema: países, comunidades autónomas, provincias, concellos e parroquias.

5.2.1. País

A opción *Países* do submenú *Áreas Xeográficas* condúcenos directamente á pantalla de xestión común de táboas mestras xa descrita onde poderemos consultar os países. Posto que esta táboa mestra é só de consulta, os botóns **Engadir**, **Modificar** e **Eliminar** estarán deshabilitados.




Ilustración 5.4: Xestión común de Táboas Mestras – País

5.2.2. Comunidade Autónoma

A opción *Comunidades Autónomas* do submenú *Áreas Xeográficas* condúcenos directamente á pantalla de xestión común de táboas mestras xa descrita onde poderemos consultar as comunidades autónomas. Posto que esta táboa mestra é só de consulta, os botóns **Engadir**, **Modificar** e **Eliminar** estarán deshabilitados.




Ilustración 5.5: Xestión común de Táboas Mestrás – Comunidade Autónoma

5.2.3. Provincia

A opción *Provincias* do submenú *Áreas Xeográficas* condúcenos directamente á pantalla de xestión común de táboas mestras xa descrita onde poderemos consultar as provincias. Posto que esta táboa mesta é só de consulta, os botóns **Engadir**, **Modificar** e **Eliminar** estarán deshabilitados.




Ilustración 5.6: Xestión común de Táboas Mestrás – Provincia

5.2.4. Concello

A opción **Concellos** do submenú **Áreas Xeográficas** condúcenos directamente á pantalla de xestión común de táboas mestras xa descrita onde poderemos consultar os concellos. Posto que esta táboa mestra é só de consulta, os botóns **Engadir**, **Modificar** e **Eliminar** estarán deshabilitados.

Táboas Mestras

Concellos

Código	Descripción	Provincia
15001	Ferrol	La Coruña
15002	Lañas	La Coruña
15003	Órdenes	La Coruña
27001	Foz	Lugo
27002	Chantada	Lugo
32001	Ribadavia	Orense
32002	Cea	Orense
32004	O Irixo	Orense
36001	Tui	Pontevedra
36002	Vigo	Pontevedra

Engadir **Modificar** **Eliminar**

Aceptar **Cancelar** **Aplicar**

Ilustración 5.7: Xestión común de Táboas Mestras – Concello

5.2.5. Parroquia

A opción *Parroquias* do submenú *Áreas Xeográficas* condúcenos directamente á pantalla de xestión común de táboas mestras xa descrita onde poderemos consultar as parroquias. Posto que esta táboa mestra é só de consulta, os botóns **Engadir**, **Modificar** e **Eliminar** estarán deshabilitados.

Táboas Mestras

Parroquias

Código	Descripción	Concello	Provincia
1500101	Serantes	Ferrol	La Coruña
1500201	Lañas	Lañas	La Coruña
1500202	Lañas	Lañas	La Coruña
2700101	Foz	Foz	Lugo
2700103	Lugo	Foz	Lugo
2700202	Chantada	Chantada	Lugo
3200101	Ribadavia	Ribadavia	Orense
3200202	Cea	Cea	Orense
3600101	Tui	Tui	Pontevedra
3600202	Vigo	Vigo	Pontevedra

Engadir Modificar Eliminar

Aceptar Cancelar Aplicar

Ilustración 5.8: Xestión común de Táboas Mestras – Parroquia

5.3. CIE

Este apartado permite consultar e xestionar os datos relacionados cos CIE's definidos no sistema: CIE's, Grupos Xenéricos, Grupos Especiais e Listas Reducidas, agrupados segundo o CIE ao que pertenzan (9 ou 10).

5.3.1. CIE 9

Nesta opción pódense consultar as CIEs, os grandes grupos e os grupos específicos relacionadas con CIE 9.

CIEs

Esta opción do submenú CIE 9 condúcenos á seguinte pantalla de consulta, onde se permite localizar rapidamente os datos dos códigos CIE 9 empregados no sistema CARON.




Ilustración 5.9: Táboa CIE 9 – Pantalla de localización

Esta pantalla atópase dividida en dúas seccións:

- unha superior cos criterios para localizar os códigos CIE: *Gran Grupo e Grupo específico*. No *grupo especial CIE* só aparecerán aqueles definidos para o *grupo xenérico CIE* seleccionado.
- outra inferior cos *códigos CIE* existentes para os criterios seleccionados e unha serie de botóns que permiten xestionar os seus datos.

Para crear un novo **CIE**, premeremos o botón **Engadir**. Isto levaranos á ventá de creación do **CIE**:




Ilustración 5.10: Táboa CIE 9 – Pantalla de datos

Para poder crear un CIE deberá indicarse como mínimo o código e o tipo do mesmo. Ademais poderán especificarse outros datos, como a descripción, o gran grupo e específico ós que pertence, a lista reducida xeral e as demais listas reducidas.

Premendo os botóns **Aceptar** e **Aplicar** gardaranse permanentemente os cambios do CIE mentres que premendo o botón **Cancelar** volverase á pantalla de xestión dos mesmos descartando todos os cambios realizados.

Para modificar un CIE, seleccionarémolo entre os existentes na reixa e premeremos o botón **Modificar**. Isto levaranos á ventá de datos do CIE definida anteriormente.

Para consultar un CIE seleccionarémolo, como no caso anterior, na reixa de dispoñibles e premeremos o botón **Consultar**. Isto levaranos á mesma ventá onde podemos visualizar os seus datos.

Para eliminar un CIE, seleccionarémolo entre os existentes na reixa e premeremos o botón **Eliminar**. O sistema comprobará se o CIE seleccionado ten datos asociados. En caso negativo, mostrarase unha mensaxe pedindo a confirmación do usuario antes de efectuar a baixa solicitada. No caso contrario, impedirase a súa eliminación mostrando a correspondente mensaxe informando da restrición.

Gran Grupo

Esta opción do submenú CIE 9 condúcenos á seguinte pantalla de consulta, onde se permite localizar rapidamente os datos dos grandes grupos de CIE 9 empregados no sistema CARON.

Grandes Grupos		
GG	Intervalo	Descripción
I	001 - 139	ENFERMIDADES INFECCIOSAS E PARASITARIAS
II	140 - 239	TUMORES
III	240 - 279	ENF ENDOCR, NUTR, METAB E INMUNITARIAS
IV	280 - 289	ENF DO SANGUE E ORG HEMATOPOIETICOS
IX	520 - 579	ENFERMIDADES DO APARELLO DIXESTIVO
V	290 - 319	ENFERMIDADE MENTAIS
VI	320 - 389	ENF DO SIS NERVIOSO E ORG SENSITIVOS
VII	390 - 459	ENFERMIDADES DO APARELLO CIRCULATORIO
VIII	460 - 519	ENFERMIDADES DO APARELLO RESPIRATORIO
X	580 - 629	ENFERMIDADES DO APARELLO XENITOURINA...
XI	630 - 676	COMPL DO EMBARAZO, PARTO E PUEPERIO
XII	680 - 709	ENFER DA PEL E DO TECIDO SUBCUTANEO
XIII	710 - 739	ENFER DO SIS MUSCULOESQ E TEC CONECTIVO
XIV	740 - 759	ANOMALIAS CONGENITAS
XV	760 - 779	ALTERACIONS DO PERIODO PERINATAL
XVI	780 - 799	SINTOMAS, SIGNOS E ENTID MAL DEFINIDAS
XVII	E800 - ...	CAUSAS EXTERNAS

Ilustración 5.11: Táboa Grandes Grupos—Lista de grupos dispoñibles

A través dos botóns que aparecen á dereita da lista, podemos levar a cabo as distintas operacións de xestión dos datos.

Para crear un novo *Gran Grupo*, premeremos o botón . Con isto abrirase a seguinte ventá:



Ilustración 5.12: Táboa Grandes Grupos– Pantalla de datos

Deberá indicarse como mínimo o código do grupo. Ademais poderán especificarse outros datos como a descripción, número romano, intervalos, etc.

Premendo os botóns e gardaranse permanentemente os cambios do grupo. Previamente farase a comprobación de que o código introducido sexa correcto e non coincida co de algún grupo xa creado. Nese último caso, mostrariáse unha mensaxe ó usuario lembrando esta restrición.

Premendo o botón volverase á pantalla de xestión descartando todos os cambios realizados.

Para modificar un *Gran Grupo*, seleccionarémolo entre os existentes na reixa e premeremos o botón . Isto levaranós á ventá de datos definida anteriormente.


Para consultar un *Gran Grupo*, seleccionarémolo e premeremos o botón . Visualizaremos así todos os seus datos na correspondente ventá.

Para eliminar un *Gran Grupo*, seleccionarémolo entre os existentes na reixa e premeremos o botón . O sistema comprobará se o grupo seleccionado ten datos asociados. En caso afirmativo mostraráse unha mensaxe informando da restrición e

impedirase a súa eliminación. Noutro caso pedirase a confirmación do usuario antes de efectuar a baixa solicitada.

Grupo Específico

Esta opción do submenú CIE 9 condúcenos á seguinte pantalla de consulta, onde se permite localizar rapidamente os datos dos grupos específicos de CIE 9 empregados no sistema CARON.



The screenshot shows a Windows-style application window titled "Grupos Especiais CIE". The main area is a table titled "Lista de Grupos Especiais CIE" with two columns: "Intervalo" and "Descripción". The table contains 26 rows of data. To the right of the table are four buttons: "Engadir" (Add), "Modificar" (Modify), "Consultar" (Search), and "Eliminar" (Delete). At the bottom right is a "Sair" (Exit) button. The data in the table is as follows:

Intervalo	Descripción
001 - 009	Enfermidades Infecciosas Intestinais
001 - 139	Outras Enfermidades Infecciosas
010 - 018	Outras Tuberculoses
011	Tuberculose Pulmonar
032	Difteria
033	Tosse Ferina
036	Infeccíons Meningocócicas
037	Tétano
045	Poliomelite Aguda
055	Sarampelo
056	Rubeola
140 - 208	Outros Tumores Malignos
150	Tumores Malignos do Esófago
151	Tumores Malignos do Estómago
153	Tumores Malignos do Colon
154	Tumores Malignos do Recto/Ano
155	Tumores Malignos Hepáticos
157	Tumores Malignos do Páncreas

Ilustración 5.13: Táboa Grupos Específicos – Lista de grupos dispoñibles

Para crear un novo **Grupo Específico**, premeremos o botón **Engadir**. Isto abrirános a seguinte ventá de datos:




Ilustración 5.14: Táboa Grupos Especiais – Pantalla de datos

Debe introducirse como mínimo o código de grupo. Ademais poden especificarse outros datos como o intervalo, descripción, grupo xenérico ó que pertence, etc.

Premendo os botóns **Aceptar** e **Aplicar** gardaranse permanentemente os cambios do grupo. Previamente farase a comprobación de que o código introducido sexa correcto e non coincida co de outro grupo existente. Nese último caso, mostrariáse unha mensaxe ó usuario lembrando esta restrición.

Premendo o botón **Cancelar** volverase á pantalla de xestión descartando todos os cambios realizados.

Para modificar un Grupo Específico, seleccionarémoslo entre os existentes na reixa e premeremos o botón **Modificar**. Isto levarános á ventá de datos anterior.

Para consultar un Grupo Específico, procederase do mesmo xeito, pulsando o botón **Consultar**.

Para eliminar un Grupo Específico, seleccionarémoslo entre os existentes na reixa e premeremos o botón **Eliminar**. O sistema comprobará se o grupo seleccionado ten datos asociados. En caso afirmativo mostrarase unha mensaxe informando da restrición e impedirase a súa eliminación. Noutro caso pedirase a confirmación do usuario antes de efectuar a baixa.

5.3.2. CIE10

Nesta opción pódense consultar as CIEs, os grandes grupos e os grupos específicos relacionadas con CIE 10.

CIEs

Esta opción do submenú CIE 10 condúcenos á seguinte pantalla de consulta, onde se permite localizar rapidamente os datos dos códigos CIE 10 empregados no sistema CARON.




Ilustración 5.15: Táboa CIE 10 – Pantalla de localización

Esta pantalla atópase dividida en dúas seccións:

- unha superior cos criterios para localizar os códigos CIE: *Capítulo* e *Lista Reducida*. Na *lista reducida* só aparecerán aqueles definidos para o *Capítulo* seleccionado.
- outra inferior cos *códigos CIE* existentes para os criterios seleccionados e unha serie de botóns que permiten xestionar os seus datos.

Para crear un novo **CIE**, premeremos o botón **Engadir**. Isto levaranos á ventá de creación do **CIE**:




Ilustración 5.16: Táboa CIE 10 – Pantalla de datos

Para poder crear un CIE deberá indicarse como mínimo o código e o tipo do mesmo. Ademais poderán especificarse outros datos, como a descripción, o capítulo e grupo específico ós que pertence, a lista reducida xeral e as demais listas reducidas.

Premendo os botóns **Aceptar** e **Aplicar** gardaranse permanentemente os cambios do CIE mentres que premendo o botón **Cancelar** volverase á pantalla de xestión dos mesmos descartando todos os cambios realizados.

Para modificar un CIE, seleccionarémo entre os existentes na reixa e premeremos o botón **Modificar**. Isto levaranos á ventá de datos do CIE definida anteriormente.

Para consultar un CIE seleccionarémo, como no caso anterior, na reixa de dispoñibles e premeremos o botón **Consultar**. Isto levaranos á mesma ventá onde podemos visualizar os seus datos.

Para eliminar un CIE, seleccionarémo entre os existentes na reixa e premeremos o botón **Eliminar**. O sistema comprobará se o CIE seleccionado ten datos asociados. En caso negativo, mostraráse unha mensaxe pedindo a confirmación do usuario antes de efectuar

a baixa solicitada. No caso contrario, impedirase a súa eliminación mostrando a correspondente mensaxe informando da restrición.

Capítulo

Esta opción do submenú CIE 10 condúcenos á seguinte pantalla de consulta, onde se permite localizar rapidamente os datos dos capítulos de CIE 10 empregados no sistema CARON.

Cap...	Intervalo	Descripción				
I	A00-B99	ENFERMIDADES INFECCIOSAS E PARASITARIAS				
II	C00-D48	TUMORES				
III	D50-D89	ENF.DA SANGUE/ÓRG. HEMATOP/INMUNIDADE				
IV	E00-E90	ENF. ENDOCRINAS/NUTRICIONAIS/METABÓL.				
IX	I00-I99	ENFERMIDADES DO SISTEMA CIRCULATORIO				
LV	TUMO...	TUMORESTUMORESTUMORESTUMORESTUM...				
V	F00-F99	TRASTORNOS MENTAIS E DO COMPORTAMEN...				
VI	G00-G99	ENFERMIDADES DO SISTEMA NERVIOSO				
VII	H00-H59	ENFERMIDADES DO OLLO E OS SEUS ANEXOS				
VIII	H60-H95	ENF. DO OÍDO E DA APÓFISIS MASTOIDES				
X	J00-J99	ENFERMIDADES DO SISTEMA RESPIRATORIO				
XI	K00-K93	ENFERMIDADES DO SISTEMA DIXESTIVO				
XII	L00-L99	ENF. DA PEL E DO TECIDO SUBCUTÁNEO				
XIII	M00-M99	ENF. SIST. OSTEOMUSC. E TEC. CONECTIVO				
XIV	N00-N99	ENF. DO SISTEMA XÉNITOURINARIO				
XIX	S00-T98	TRAUMATIS/ENVENENAM/OUT. CONSECUEN....				
XV	O00-O99	EMBARAZO, PARTO E PUERPERIO				
XVI	P00-P96	AFECCIÓN ORIXINADAS NO PERI. PERINATAL				

Ilustración 5.17: Táboa Capítulos— Lista de capítulos disponibles

A través dos botóns que aparecen á dereita da lista, podemos levar a cabo as distintas operacións de xestión dos datos.

Para crear un novo **Capítulo**, premeremos o botón **Engadir**. Con isto abrirase a seguinte ventá:




Ilustración 5.18: Táboa Capítulo – Pantalla de datos

Deberá indicarse como mínimo o código do capítulo. Ademais poderán especificarse outros datos como a descripción, número romano, intervalos, etc.

Premendo os botóns **Aceptar** e **Aplicar** gardaranse permanentemente os cambios do capítulo. Previamente farase a comprobación de que o código introducido sexa correcto e non coincida co de algún grupo xa creado. Nese último caso, mostrariase unha mensaxe ó usuario lembrando esta restrición.

Premendo o botón **Cancelar** volverase á pantalla de xestión descartando todos os cambios realizados.

Para modificar un Capítulo, seleccionarémo-lo entre os existentes na reixa e premeremos o botón **Modificar**. Isto levarámos á ventá de datos definida anteriormente.

Para consultar un Capítulo, seleccionarémo-lo e premeremos o botón **Consultar**. Visualizaremos así todos os seus datos na correspondente ventá.

Para eliminar un Capítulo, seleccionarémo-lo entre os existentes na reixa e premeremos o botón **Eliminar**. O sistema comprobará se o capítulo seleccionado ten datos asociados. En caso afirmativo mostrárase unha mensaxe informando da restrición e impedirase a súa eliminación. Noutro caso pediráse a confirmación do usuario antes de efectuar a baixa solicitada.

Grupo Específico

Esta opción do submenú CIE 10 condúcenos á seguinte pantalla de consulta, onde se permite localizar rapidamente os datos dos grupos específicos de CIE 10 empregados no sistema CARON.

The screenshot shows a software window titled "Grupos Especiais CIE". The main area is a table titled "Lista de Grupos Especiais CIE" with two columns: "Intervalo" and "Descripción". The table lists various medical conditions and their corresponding ICD-10 codes. On the right side of the window, there are four buttons: "Engadir" (Add), "Modificar" (Modify), "Consultar" (Search), and "Eliminar" (Delete). At the bottom right is a "Sair" (Exit) button. The window has a standard Windows-style title bar with a close button.

Intervalo	Descripción
A00-A09	Enfermidades infecciosas intestinais
A00-B99	Resto enf.infecciosas e parasitarias
A00-B99	Resto enfer. infeccio/parasit. e secuelas
A15-A19;B90	Tuberculose e secuelas
A39	Infeccions meningocóicas
A40;A41	Septicemia
B15-B19	Hepatite vírica
B20-B24	SIDA
C00-C14	Tumor maligno do beizo, cavidade bucal e da farinxe
C00-D48	Tumores
C15	Tumor maligno do esófago
C15-C26;C45.1;	Outros tumores malignos digestivos
C16	Tumor maligno do estómago
C18	Tumor maligno do colon
C19-C21	T. mg.recto/porción rectosigmaide e do ano
C22	T. mg do fígado e vías biliares intrahepáticas
C25	Tumor maligno do páncreas
C30-C39, C45.0	Outros t.mg. respiratorios e intratorác.

Ilustración 5.19: Táboa Grupos Específicos – Lista de grupos disponibles

Para crear un novo **Grupo Específico**, premeremos o botón **Engadir**. Isto abrirános a seguinte ventá de datos:




Ilustración 5.20: Táboa Grupos Especiais – Pantalla de datos

Debe introducirse como mínimo o código de grupo. Ademais poden especificarse outros datos como o intervalo, descripción, grupo xenérico ó que pertence, etc.

Premendo os botóns **Aceptar** e **Aplicar** gardaranse permanentemente os cambios do grupo. Previamente farase a comprobación de que o código introducido sexa correcto e non coincida co de outro grupo existente. Nese último caso, mostrariase unha mensaxe ó usuario lembrando esta restrición.

Premendo o botón **Cancelar** volverase á pantalla de xestión descartando todos os cambios realizados.

Para modificar un Grupo Específico, seleccionarémo entre os existentes na reixa e premeremos o botón **Modificar**. Isto levarános á ventá de datos anterior.

Para consultar un Grupo Específico, procederase do mesmo xeito, pulsando o botón **Consultar**.

Para eliminar un Grupo Específico, seleccionarémo entre os existentes na reixa e premeremos o botón **Eliminar**. O sistema comprobará se o grupo seleccionado ten datos asociados. En caso afirmativo mostraráse unha mensaxe informando da restrición e impedirase a súa eliminación. Noutro caso pedirase a confirmación do usuario antes de efectuar a baixa.

5.3.3. Listas Reducidas CIE

Seleccionando esta opción do submenú CIE abrirase a seguinte ventá onde se mostran as listas reducidas dispoñibles:




Ilustración 5.21: Táboa Listas Reducidas – Listas reducidas dispoñibles

Premendo o botón **Consultar**, poderase acceder a lista seleccionada:

Datos Lista Reducida de Causas de Morte Perinatal	
Código	Descripción
01	Feto e RN afectados por condicións da nai
02-05	Feto e RN afectados por complicacións maternas do ...
06-10	Feto e RN afectados por complicacións da placenta, ...
11-12	Feto e RN afectados por outras complicacións do trab...
13	Feto e RN afectados por influencias nocivas
14-17	Trast. relacionados coa duración da xestación e do cre...
18-19	Traumatismo do nacemento
20-28	Trast. respiratorios e cardiovasculares específicos do ...
29-32	Infeccións específicas do período perinatal
33-38	Trast. hemorráxicos e hematológicos do feto e do RN
39-42	Trast. endocrinos e metab. transitorios específicos do ...
43-45	Trast. do sist. dixestivo do feto e do RN
46-48	Afeccións asociadas coa regulación tegumentaria e a...
49	Outros trast. orixinados no período perinatal
50-57	Malformacións conxénitas do sist. enervioso
58	Malformacións conxénitas do oido, do oído, da cara e ...
59-63	Malformacións conxénitas do sist. circulatorio
64-66	Malformacións conxénitas do sist. respiratorio

Ilustración 5.22: Táboa Listas Reducidas – Listas reducidas en concreto

Para todos os tipos de listas disponibles, o modo de proceder para engadir, modificar, consultar e eliminar é o mesmo.

Para crear unha nova ***Lista Reducida***, premeremos o botón **Engadir**. Isto abríanos a seguinte ventá onde especificaremos os seus datos:




Ilustración 5.23: Táboa Listas Reducidas – Pantalla de datos

A lista de CIE's Asociados mostraranos a modo de consulta os CIE's ós cales lles corresponde a lista reducida consultada, polo que neste caso non conterá datos.

Premendo os botóns **Aceptar** e **Aplicar** gardaranse permanentemente os cambios da lista, mentres que premendo o botón **Cancelar** volverase á pantalla de xestión das mesmas descartando todos os cambios realizados.

Para modificar unha ***Lista Reducida***, seleccionarémola entre as existentes na reixa e premeremos o botón **Modificar**. Isto levarános á ventá de datos anterior.

Para consultar os datos de unha ***Lista Reducida***, procederase do mesmo xeito, pulsando o botón **Consultar**.

Para eliminar unha **Lista Reducida**, seleccionarémosla entre as existentes na reixa e premeremos o botón  **Eliminar**. O sistema comprobará se a lista seleccionada ten datos asociados. En caso afirmativo mostrarase unha mensaxe informando da restrición e impedirase a súa eliminación. Noutro caso pedirase a confirmación do usuario antes de efectuar a baixa solicitada.

5.4. ERROS / AVISOS

Este apartado permite xestionar os erros e avisos que se poden producir durante a codificación das causas de mortalidade.

A opción *Erros/Avisos* do menú *Táboas Mestras* condúcenos á seguinte pantalla de xestión:




Ilustración 5.24: Táboa Erros e Avisos – Pantalla localización

Esta pantalla consta dunha reixa que mostrará os *Erros/Avisos* definidos e unha serie de botóns para a súa xestión.

Para crear un novo *Erro/Aviso*, premeremos botón **Engadir**. Isto levarános á ventá de creación de *Erros/Avisos*:




Ilustración 5.25: Táboa Erros e Avisos – Pantalla principal

Nesta pantalla deberemos indicar tanto os datos do *Erro/Aviso* como os códigos *CIE* aos que estará asociado. Así, os campos a cubrir serán:

- Nome co que se coñecerá ó *Erro/Aviso*
- Tipo de acción *Erro ou Aviso*
- Sexo que deberá ter o individuo
- Tipo de CIE (9 ó 10)
- Rango de idade:

- Días ou anos.
- Intervalo de idades

Idade Inicial	AND/OR	Idade Final
<input style="font-size: small; width: 20px; height: 20px; border: 1px solid black; margin-right: 5px;" type="button" value=">="/> <input style="width: 40px; border: 1px solid black;" type="text" value="15"/>	<input style="font-size: small; width: 20px; height: 20px; border: 1px solid black; margin-right: 5px;" type="button" value="AND"/>	<input style="font-size: small; width: 20px; height: 20px; border: 1px solid black; margin-right: 5px;" type="button" value="<="/> <input style="width: 40px; border: 1px solid black;" type="text" value="65"/>

Para engadir códigos CIE aos que estará asociado deberanxe seleccionar de entre os existente no campo *Código CIE* e premer o botón . Isto fará que o *Código CIE* seleccionado se agregue na reixa.

Para desvincular o *Erro/Aviso* dun *código CIE* deberá seleccionarse dito código e premer o botón . Isto eliminará o código seleccionado da reixa.

Ó premer o botón **Aceptar** crearase o novo *Erro/Aviso* e volverase á pantalla de xestión onde se amosará o novo *Erro/Aviso*.

Ó premer o botón **Cancelar** cancelarase a creación do novo *Erro/Aviso* e volverase á pantalla de xestión

Para modificar un *Erro/Aviso*, seleccionarémolo da reixa e premeremos o botón **Modificar**. Isto levaranos á ventá de creación de *Erros/Avisos* descrita anteriormente.

Para eliminar un *Erro/Aviso*, seleccionarémolo da reixa e premeremos o botón **Eliminar**.

5.5. FILTROS

Este apartado permite xestionar os filtros que se empregarán nos diferentes cruces do sistema.

A opción *Filtros* do menú *Táboas Mestras* condúcenos á seguinte pantalla de xestión:




Ilustración 5.26: Táboa Filtros – Pantalla localización

Esta pantalla consta dunha reixa que mostrará os *Filtros* definidos e unha serie de botóns para a súa xestión.

Os filtros de tipo *Taxeira Sanitaria* e *Cancro de Mama* só estarán dispoñibles para a súa xestión se os perfís de usuario contan cos permisos específicos para a realización destes tipos de cruce.

Para crear un novo *Filtro*, premeremos o botón [Engadir](#). Isto levaranos á ventá de creación de *Filtro*:




Ilustración 5.27: Táboa Filtros – Pantalla principal

A parte superior da pantalla contén os datos do filtro, mentres que a inferior contén os criterios definidos para el, xunto cos botóns necesarios para a súa xestión.

Para poder crear un filtro deberá indicarse a descripción do mesmo, o tipo de filtro que será e polo menos un criterio.

O sistema só poderá xestionar un único filtro de cada un dos seguintes tipos: *Taxeta Sanitaria*, *Cancro de Mama*, *Filtro IGE*, *Filtro CMBD* e *Filtro Repetidos*, polo que o campo *Tipo filtro* só mostrará os que áinda non teñan definido un filtro do seu tipo.

Premendo o botón **Aceptar** e **Aplicar** gardaranse permanentemente os cambios do filtro mentres que premendo o botón **Cancelar** volverase á pantalla de xestión dos mesmos descartando todos os cambios realizados.

Para a xestión dos criterios do filtro empregaránse os botóns **Engadir**, **Modificar** e **Eliminar**, abrindo os dous primeiros a seguinte pantalla e eliminado o criterio seleccionado o último:




Ilustración 5.28: Táboa Filtros – Pantalla selección de campos

Para a definición dun criterio de filtro deberá indicarse:

- unha descripción do mesmo
- indicar si se trata dun criterio único ou asistido e
- definir un conxunto de campos de cruce.

Ó premer o botón **Aceptar** o sistema comprobará que non exista outro criterio similar, é dicir, outro filtro coa mesma descripción ou co mesmo conxunto de campos cruce e tipo de criterio: único ou asistido. No caso de existir un filtro similar mostrárase unha mensaxe ó usuario indicando esta restrición. No caso contrario gravaránse os cambios na memoria e volverase á pantalla de datos do filtro actualizando ditos cambios na reixa de criterios.

Ó premer o botón **Cancelar** canceláranse os cambios do criterio do filtro e volverase á pantalla de datos do filtro.

Para modificar un **Filtro**, seleccionarémo entre os existentes na reixa e premeremos o botón . Isto levaranós á ventá de *datos do Filtro* definida anteriormente.

Para eliminar un **Filtro**, seleccionarémo entre os existentes na reixa e premeremos o botón .

5.6. FORENSES

Neste apartado permítese xestionar forenses da comunidade autonómica galega.

A opción *Forenses* do menú *Táboas Mestras* conducirános á seguinte pantalla de xestión:




Ilustración 5.29: Táboa Forenses – Pantalla localización

Esta pantalla consta dunha reixa que mostrará os *Forenses* definidos e unha serie de botóns para a súa xestión.

Para definir un novo *Forense*, premeremos o botón **Engadir**. Isto nos levará á ventá de *datos de forense*:




Ilustración 5.30: Táboa Forenses – Pantalla principal

Nesta pantalla poderá indicarse tanto os datos do forense como do xulgado ao que pertence.

Para modificar os datos dun **Forense**, seleccionarémolo entre os da reixa e premeremos o botón **Modificar**. Isto levaranos á ventá de *datos de forense* definida anteriormente.

Para eliminar un **Forense**, seleccionarémolo entre os da reixa e premeremos o botón **Eliminar**.

5.7. NECROPSIAS

Este apartado permite xestionar os datos de necropsias: grupo do motivo da necropsia, motivo da necropsia e accidentes de tráfico (condición do finado, tipo de accidente e tipo de vehículo).

5.7.1. Grupo Motivos

A opción *Grupo Motivos* do submenú *Necropsia* condúceno directamente á pantalla de xestión común de táboas mestras xa descrita onde poderemos manter os grupos de motivo de necropsia.




Ilustración 5.31: Xestión común de Táboas Mestras – Grupo Motivo

5.7.2. Tipo Motivos

A opción *Tipo Motivos* do submenú *Necropsia* condúcenos directamente á pantalla de xestión común de táboas mestras xa descrita onde poderemos manter os tipos de motivos de necropsia.




Ilustración 5.32: Xestión común de Táboas Mestrás – Tipo Motivos

5.7.3. Condición Finado

A opción *Condición Finado* do submenú *Accidentes Tráfico* condúcenos directamente á pantalla de xestión común de táboas mestrás xa descrita onde poderemos manter as condiciones do finado.




Ilustración 5.33: Xestión común de Táboas Mestrás – Condición Finado

5.7.4. Tipo Accidente

A opción *Tipo Accidente* do submenú *Accidentes Tráfico* condúcenos directamente á pantalla de xestión común de táboas mestras xa descrita onde poderemos manter os tipos de accidente.




Ilustración 5.34: Xestión común de Táboas Mestras – *Tipo Accidente*

5.7.5. Tipo Vehículo

A opción *Tipo Vehículo* do submenú *Accidentes Tráfico* condúcenos directamente á pantalla de xestión común de táboas mestras xa descrita onde poderemos manter os tipos de vehículo.




Ilustración 5.35: Xestión común de Táboas Mestras – Tipo Vehículo

5.8. PERINATAL

Este apartado permite xestionar os datos de Perinatal: *Centro Sanitario, Momento Defunción, Tipo Nacemento, Tipo Parto, Control Xestacional e Estado Necropsia*.

5.8.1. Centro Sanitario

A opción *Centro Sanitario* do submenú *Perinatal* condúcenos directamente á pantalla de xestión común de táboas mestras xa descrita onde poderemos manter os centros sanitarios.




Ilustración 5.36: Xestión común de Táboas Mestras – Centros Sanitarios

5.8.2. Momento Defunción

A opción *Momento Defunción* do submenú *Perinatal* condúcenos directamente á pantalla de xestión común de táboas mestras xa descrita onde poderemos manter os momentos de defunción.




Ilustración 5.37: Xestión común de Táboas Mestras – Momento Defunción

5.8.3. Tipo Nacemento

A opción *Tipo Nacemento* do submenú *Perinatal* condúcenos directamente á pantalla de xestión común de táboas mestras xa descrita onde poderemos manter os tipos de nacemento.




Ilustración 5.38: Xestión común de Táboas Mestras – Tipo Nacemento

5.8.4. Tipo Parto

A opción *Tipo Parto* do submenú *Perinatal* condúcenos directamente á pantalla de xestión común de táboas mestras xa descrita onde poderemos manter os tipos de parto.




Ilustración 5.39: Xestión común de Táboas Mestras – *Tipo Parto*

5.8.5. Control Xestacional

A opción *Control Xestacional* do submenú *Perinatal* condúcenos directamente á pantalla de xestión común de táboas mestras xa descrita onde poderemos manter os controles estacionais.




Ilustración 5.40: Xestión común de Táboas Mestrás – Control Xestacional

5.8.6. Estado Necropsia

A opción *Estado Necropsia* do submenú *Perinatal* condúcenos directamente á pantalla de xestión común de táboas mestrás xa descrita onde poderemos manter os estados de necropsia perinatais.




Ilustración 5.41: Xestión común de Táboas Mestrás – Estado Necropsia

5.9. MARCA

Este apartado permite xestionar os estados no que se devolve un boletín ó IGE segundo os cambios que sufriu durante o proceso de codificación.

A opción *Marca* condúcenos directamente á pantalla de xestión común de táboas mestras xa descrita anteriormente.




Ilustración 5.42: Xestión común de Táboas Mestras – Marca

5.10. CORREO ELECTRÓNICO

Este apartado permite xestionar as dúas contas de correo electrónico que se empregan na aplicación.

A opción *Correo electrónico* condúcenos directamente á pantalla de xestión común de táboas mestras xa descrita anteriormente.




Ilustración 5.43: Xestión común de Táboas Mestras – Correo electrónico

5.11. CHAMADAS

Este apartado permite xestionar os distintos tipos de chamadas que se poden realizar a hora de codificar un boletín.

A opción *Chamadas* condúcenos directamente á pantalla de xestión común de táboas mestras xa descrita anteriormente




Ilustración 5.44: Xestión común de Táboas Mestras – Chamadas

5.12. CONCELLOS PUBLICABLES

Este apartado lévanos á seguinte pantalla onde se mostran os concellos publicables disponibles. Dende aquí poderemos levar a cabo as distintas operacións de xestión dos seus datos.

The screenshot shows a Windows-style application window titled "Concellos Publicables". The main area is a table titled "Lista de Concellos Publicables" with columns: Código, Provincia, Concello, and Pub. The data in the table is:

Código	Provincia	Concello	Pub.
15003	A CORUÑA	Órdenes	Si
27001	LUGO	Foz	Non
36001	PONTEVEDRA	Tui	Non
36002	PONTEVEDRA	Vigo	Si

On the right side of the window, there are three buttons: "Engadir" (Add), "Modificar" (Modify), and "Eliminar" (Delete). At the bottom right is a "Saír" (Exit) button.

Ilustración 5.45: Táboa Concellos Publicables – Lista de concellos dispoñibles

Para crear un novo **Concello Publicable**, premeremos o botón **Engadir**. Con isto abrirase a seguinte ventá:

The screenshot shows a dialog box titled "Concello Publicable" with the sub-section "Datos Concello Publicable". It contains the following fields:

- Provincia: A dropdown menu showing "15" and "A CORUÑA".
- Concello: A dropdown menu showing "001" and "Ferrol".
- Publicable: A checkbox that is checked.

At the bottom are three buttons: "Aceptar" (Accept), "Cancelar" (Cancel), and "Aplicar" (Apply).

Ilustración 5.46: Táboa Concellos Publicables – Pantalla de datos

Premendo os botóns **Aceptar** e **Aplicar** gardaranse permanentemente os cambios do concello, despois de comprobar que o código seleccionado non coincide co de algúñ xa creado. No caso contrario, mostrárase unha mensaxe ó usuario lembrando esta restrición.

Premendo o botón **Cancelar** volverase á pantalla de xestión descartando todos os cambios realizados.

Para modificar un *Concello Publicable*, seleccionarémo entre os existentes na reixa e premeremos o botón **Modificar**. Isto levaranos á pantalla de datos definida anteriormente.

Para eliminar un *Concello Publicable*, seleccionarémo entre os existentes na reixa e premeremos o botón **Eliminar**. Mostrarase unha mensaxe pedindo a confirmación do usuario antes de efectuar a baixa solicitada.

5.13. LOTES PARA ESCANEAR

Este apartado permítenos escanear imaxes dos boletíns que non pertenecen a un lote en concreto. O formulario ten o seguinte aspecto:

Ano	Provincia	Nº Ficheiros
2010	PONTEVEDRA	1
2010	CIUDAD REAL	0
2010	CORDOBA	4
2010	A CORUÑA	1
2010	OURENSE	0
2010	BARCELONA	2
2011	A CORUÑA	0
2011	LUGO	3
2012	A CORUÑA	0

Consta dos seguintes controis:

- É un textbox no que permita introducir o ano do lote. So permite enterios e como máximo unha lonxitude de 4 díxitos.
- Permite seleccionar entre tódalas posibles provincias de España.
- Unha táboa para mostrar os lotes que foron ou son creados para almacenar as imaxes escanadas dos beds. Esta lista ten como columnas o Ano a que pertence o lote, a Provincia e o Número de ficheiros que ten cada lote.
- cando pulsamos este botón verificará si temos introducidos valores correctos nos campos de Ano e Provincia, senón é así mostrará unha mensaxe indicando que para crear un lote é preciso ter os dous campos cubertos correctamente.

Si ambos campos están cubertos correctamente amosarase na táboa.

- cando se pulsa este botón buscará os lotes que se correspondan co ano e/ou provincia introducidas. Se non hai ningún dos filtros entón amosará todas os lotes.
- é preciso seleccionar un elemento da táboa previamente, e só eliminará o lote non ten ningunha imaxe asociada, si a ten entón lanza mensaxe notificando isto.
- este botón borrará todos os datos introducidos nos filtros e os que aparecen na táboa.
- pecha o formulario.

CONFIGURACIÓN

5.14. INTRODUCIÓN

Contén as funcionalidades relativas á configuración da aplicación.

O capítulo correspondente a “Configuración” agrupa as funcionalidades de configuración propias da aplicación.

As seccións contidas neste capítulo son:

Opcións de codificación. Permite seleccionar entre codificación simple ou múltiple, automática (normalización de caracteres) ou manual e enviar directamente á impresora.

Logs de errores. Visualización do último erro e do último log de errores producidos na aplicación.

Perfís de usuario. Xestión dos perfís de acceso á aplicación.

Usuarios da aplicación. Xestión dos usuarios da aplicación.

5.15. OPCIÓNS DE CODIFICACIÓN

Esta funcionalidade permitirá determinar a forma de actuar do sistema á hora da codificación dos boletíns e á hora de imprimir un informe:



Ilustración 6.1: Opciones de Codificación

As posibles opcións son:

- Codificación Simple ou Automática
- Codificación Manual ou Normalización de literais
- Permitir a modificación de literais
- Introducir literais
- Introducir Variables de Calidade
- Enviar directamente á impresora

Ó premer o botón **Aceptar** gardarase a nova configuración na base de datos e pecharase a pantalla.

Se se preme o botón **Cancelar** e non existen cambios pecharase a pantalla. No caso contrario, preguntarase ó usuario se está seguro de continuar e perder os cambios pendentes de gravación.





Ilustración 15.2: Opcións de Codificación – Mensaxe de confirmación


5.16. LOG DE ERROS

Esta funcionalidade permitirá visualizar o último erro ou o último log de errores que se deron na aplicación.

Mostrar o último erro:



Mostrar arquivo de errores:



5.17. PERFÍS DE USUARIO

Esta funcionalidade permitirá definir o conxunto de perfís de usuario empregados para establecer as funcionalidades ás que ten acceso cada usuario da aplicación.




Ilustración 6.3: Xestión de perfís de usuario

Na lista inferior móstranse a modo de árbore os perfís definidos no sistema e, para cada perfil definido, pódense ver os usuarios asociados ó perfil.

Desde esta pantalla pódense realizar as seguintes accións:

- Crear un novo perfil
- Modificar os datos dun perfil
- Eliminar un perfil
- Modificar os permisos asociados a un perfil

Para crear un novo perfil de usuario na aplicación premeremos botón “Engadir” situado á dereita da lista de perfís definidos. Esta acción habilitará a parte superior da pantalla na que poderemos cubrir o código e a descripción do perfil.




Ilustración 6.4: Xestión de Perfís – Alta de un novo perfil

Os campos código e descripción son campos obligatorios:

- *Código*: identifica o perfil de forma única. Non poden existir dous perfís dados de alta co mesmo código e está limitado o seu tamaño a 20 caracteres alfanuméricos
- *Descripción*: descripción do perfil de usuario. A descripción é o campo que figura na lista de perfís e na pantalla de selección de perfís da xestión de usuarios

Unha vez cubertos todos os datos requeridos premeremos botón “Confirmar” para pasar o perfil creado á reixa de perfís. Para poder gravar o perfil de usuario en base de datos será necesario premer o botón “Aplicar” ou “Aceptar”.

Para modificar os datos dun perfil de usuario seleccionarémo-lo da lista de perfís e premeremos o botón “Modificar” situado á dereita da lista. Os datos do perfil cargaránse na parte superior e habilitaranse os campos para poder ser modificados.

Para eliminar un perfil de usuario seleccionarémo-lo da lista de perfís e premeremos o botón “Eliminar” situado á dereita da lista.

Para modificar os permisos de acceso dun perfil usuario premeremos o botón “Permisos” que habilitará a pantalla desde a que poderemos dar ou sacar permisos sobre as funcionalidades dispoñibles da aplicación.




Ilustración 6.5: Xestión de Perfís – Modificar permisos do perfil

Esta pantalla permite asociar ó perfil seleccionado permisos sobre as funcionalidades da aplicación. Para iso, desprégase unha lista con todos os puntos de menú en primeiro termo e colgando de cada elemento os submenús dispoñibles. Para seleccionar un elemento premeremos sobre el e cambiará a cor da bolla situada á súa esquerda de cor vermella a cor verde. Polo tanto, os elementos sobre os que terá permiso o perfil figurarán na cor verde.

Na parte inferior inclúense 2 campos de tipo lóxico que facilitan a selección de elementos:

- *Seleccionar todo*: selecciona todos os elementos da lista
- *Incluír submenu*: se este campo se atopa seleccionado, ó elixir un elemento que teña a súa vez novos elementos nun nivel inferior, seleccionaranse todos eles na cascada

Para gardar os cambios realizados premeremos o botón “Aceptar”. Para descartar os cambios premeremos “Cancelar”.

5.18. USUARIOS DA APLICACIÓN

A opción “Usuarios da Aplicación” do menú “Configuración” permite ó administrador ou usuario autorizado, crear e xestionar aos usuarios da aplicación.




Ilustración 6.6: Xestión de Usuarios da aplicación

Desde esta pantalla un usuario autorizado, normalmente o administrador, poderá realizar as seguintes operacións:

- Dar de alta un novo usuario con acceso á aplicación
- Modificar os datos dun usuario
- Dar de baixa o acceso á aplicación dun usuario
- Xestionar os perfís de acceso dos usuarios

A lista de usuarios da aplicación figura na reixa situada na parte inferior da pantalla e, a modo de árbore, figuran os perfís de cada usuario a través dos que se define o acceso ás funcionalidades da aplicación.

Para dar de alta un usuario na aplicación premeremos o botón “Engadir” situado á dereita da reixa de usuarios. Esta acción habilitará a parte superior da pantalla na que poderemos cubrir toda a información do novo usuario:




Ilustración 6.7: Xestión de Usuarios – Alta de un novo usuario

Todos os datos recollidos son de carácter obligatorio e deben ser introducidos polo usuario, agás o campo “Código” que é xerado de forma automática pola aplicación. Os datos recollidos son:

- *Nivel*: nivel de acceso do usuario. Para os usuarios das delegacións figurará como valor o código da provincia (15-Coruña, 27-Lugo, 32-Ourense, 36-Pontevedra) e para os usuarios de SSCC figurará o valor 99
- *Idioma*: selección do idioma no que se mostrarán aos usuarios os elementos da aplicación (etiquetas, elementos de menú, mensaxes, ...)
- *Usuario*: login do usuario utilizado para a validación no dominio, seguindo o formato DOMINIO\LOGIN.
- *Nome*: nome do usuario
- *1º Apelido*: primeiro apellido do usuario
- *2º Apelido*: segundo apellido do usuario

- *Conexión DXSP*: datos da conexión de acceso á base de datos DXSP, na que se xestionan os usuarios da aplicación. Esta base de datos é común para varias aplicacións, polo que un usuario pode estar xa dado de alta nesta base de datos a través doutra aplicación pero non ten por que ter acceso á aplicación LABSP. Se o usuario introducido no campo “Usuario” xa foi dado de alta no sistema a través doutra aplicación cargaranse todos os seus datos no resto de campos da base de datos e se continua co proceso, só que neste caso non se creará o usuario, simplemente daráselle acceso á aplicación de Laboratorios de Saúde Pública
- *Conexión Laboratorios*: datos necesarios para realizar a conexión de acceso do usuario á base de datos propia da aplicación
- *Bloqueo conta*: situación da conta de usuario. Normalmente, ó crear un novo usuario sitúase o motivo de bloqueo con valor 1 - “Conta non bloqueada”

Unha vez cubertos todos os datos requiridos premeremos botón “Confirmar” para pasar o usuario creado á reixa de usuarios. Para poder gravar o usuario en base de datos será necesario premer o botón “Aplicar” ou “Aceptar”.

Para modificar os datos dun usuario da aplicación seleccionarémolo da lista de usuarios e premeremos o botón “Modificar” situado á dereita da reixa. Os datos do usuario cargaránse na parte superior e habilitaranse os campos para poder ser modificados.

Para eliminar un usuario seleccionarémolo da lista de usuarios e premeremos o botón “Eliminar” situado á dereita da reixa de usuarios. Solicitarase confirmación ó usuario para realizar a acción.




Ilustración 6.8: Xestión de Usuarios – Confirmar Eliminar usuario

Para modificar os perfís dun usuario premeremos o botón “Perfís” que habilitará a pantalla de selección de perfís de usuario.




Ilustración 6.9: Xestión de Usuarios – Modificar perfís do usuario

Á esquerda figurarán os perfís de usuario definidos na aplicación e á dereita acumularanse os perfís asociados ó usuario. Un usuario relacionado con varios perfís terá acceso á unión das funcionalidades definidas en cada un dos perfís cos que está relacionado.

Como se mencionou, os datos non se gardarán ata premer botón “Aplicar” ou o botón “Aceptar”, momento no que se realizará la gravación na base de datos.

DISCREPANCIAS NOS DATOS DE MORTALIDADE

O convenio de colaboración co INE baséase na mellora da calidade da información (demográfica/sanitaria) do certificado médico de defunción e a codificación da causa de defunción. Para elo lévase a cabo unha serie de procesos que incorporan información fidedigna a certificados sen causa, mal cumplimentados ou incompletos.

Seleccionados os boletíns con deficiencias, revísanse distintas fontes según sexan os datos pendentes de confirmar:

- tarxeta sanitaria: para información demográfica/administrativa
- historia clínica para información do proceso asistencial.
- confirmación con outros rexistros con colaboración (SIDA, TB,...)

Algunha das fontes son de acceso directo pero noutros casos precisa un tempo de espera e un tempo de realización, o que obriga a codificar e gravar o certificado de xeito provisional porque é preciso devolver o arquivo correspondente ó INE, suxeito a prazos mais estrictos. Mais adiante, unha vez revisado e confirmada a causa de defunción codifícase de novo se é necesario.

Esta é a razón fundamental das diferenzas numéricas entre os capítulos ou grupos de causas de defunción, nos datos que facilita o INE e os que se facilitan dende a Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública (DXIXSP).

DIFUSIÓN DE RESULTADOS

METODOLOXÍA:

1.- Resultados na web

- ↓ [Mortalidade global. 1980-2009](#): Taxas brutas e axustadas para cada ano, provincia e sexo.
- ↓ [Mortalidade por grandes grupos de causas. 1980-2009](#): Defuncións e taxas brutas para cada ano, provincia, causa e sexo.
- ↓ [Mortalidade por grandes grupos de causas e idade. 1980-2009](#): Defuncións e taxas específicas para cada ano, provincia, causa, sexo e grupo de idade.
- ↓ [Mortalidade por grupos específicos. 1980-2009](#): Defuncións e taxas brutas para cada ano, provincia, causa e sexo.
- ↓ [Mortalidade polas principais causas. 1980-2009](#): Defuncións e taxas brutas para cada ano, provincia, causa e sexo.
- ↓ [Mortalidade polas principais causas e idade. 1980-2009](#): Defuncións e taxas específicas para cada ano, provincia, causa, sexo e grupo de idade.
- ↓ [Mortalidade infantil. 1980-2009](#): Defuncións e taxas brutas para cada ano, provincia, indicador de mortalidade infantil e sexo.
- ↓ [Esperanza de vida. 1980-2009](#): esperanza de vida ao nacemento e aos 65 anos para cada ano, provincia e sexo.
- ↓ [Probabilidade de morrer. 1980, 1985, 1990, 1995, 2000, 2005 e 2009](#): probabilidades de morrer por grupo de idade para cada ano, provincia e sexo.
- ↓ [Impacto das causas de morte na esperanza de vida. Trienios 2004-06 e 2007-09](#): anos de esperanza de vida perdidos por causa (grandes grupos e principais causas) para cada provincia e sexo.
- ↓ [Pirámides de poboación 2007-2011](#):
 - ↓ Anos 2007-2011: pirámide de cada provincia superposta coa de Galicia.
 - ↓ Para cada provincia e Galicia: pirámide de 2010 e 2000 superpostas.
 - ↓ Para cada provincia e Galicia: pirámide de 2010 e 1990 superpostas.
- ↓ [Mortalidade evitable. 1980-2009](#): anos de esperanza de vida perdidos polas causas de morte evitables para cada trienio e sexo.

2.- Fonte de datos

Os datos de mortalidade proceden do Instituto Nacional de Estadística (INE) para o período 1980-1986 e do Rregistro de Mortalidade de Galicia dende o ano 1987. Ata 1998 empregouse a 9ª Clasificación Internacional de Enfermedades (CIE-9) e a partir de 1999 a CIE-10.

As poboacións de Galicia para o período 1980-1997 son estimacións intercensuais, a 1 de xaneiro, calculadas na Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública e Planificación (DXSP) polo método de Aitkin¹ a partir dos Censos de 1981 e 1991 e os Padróns de 1986, 1996 e 1998. Para o período que comeza en 1998 tomáronse os datos da Renovación Anual do Padrón, procedentes do Instituto Galego de Estatística (IGE).



Os nacementos obtivérонse do IGE. Cando foi necesaria a poboación de menores dun ano, para o período 1980-1997 usáronse os nacementos do IGE, pois non se dispón doutros datos. Para o período 1998-2009 usáronse os datos do Padrón, que están dispoñibles por idades simples.

3.- Causas de defunción

Para a análise da mortalidade por causas consideráronse tres listas de causas: os grandes grupos, a lista reducida (unha lista estándar, e consensuada a nivel nacional, de 102 causas e grupos específicos de mortalidade) e as principais causas da lista reducida, que se seleccionaron como aquelas con maior número de defuncións no conxunto da poboación de Galicia en todo o período 1980-2009.

4.- Mortalidade infantil

Para a análise da mortalidade infantil tivérонse en conta os seguintes indicadores de mortalidade infantil: *mortalidade neonatal precoz*, *mortalidade neonatal tardía*, *mortalidade neonatal*, *mortalidade postneonatal* e *mortalidade infantil*. Estes indicadores definense do seguinte xeito:

Mortalidade neonatal precoz:

Defuncións ocorridas entre os 0 días de vida e o día 6 (é dicir, durante os primeiros 7 días completos de vida).

Mortalidade neonatal tardía:

Defuncións ocorridas dende o día 7 de vida ata o día 27.

Mortalidade neonatal:

Defuncións ocorridas entre os 0 días de vida e o día 27 (é dicir, durante os primeiros 28 días completos de vida).

Mortalidade postneonatal:

Defuncións ocorridas dende o día 28 de vida ata o día 365.

Mortalidade infantil:

Defuncións ocorridas entre os 0 días de vida e o día 365 (é dicir, durante o primeiro ano de vida).

5.- Análise

5.1.- Taxa bruta:

Calcúlase dividindo o número de persoas dunha poboación que morren nun período de tempo, polo total de persoas que forman a dita poboación nese período de tempo. Exprésase multiplicada por cen mil e non serve para comparar unhas poboacións con outras, nin a mesma poboación en diferentes períodos de tempo, se, como adoita ocorrer, as poboacións teñen estruturas demográficas diferentes.

No caso da mortalidade infantil, as taxas brutas exprésanse multiplicadas por 1.000 e o denominador son os nacementos.



5.2.- Taxa específica:

Calcúlase como unha taxa bruta pero referida a un grupo de idade específico. Exprésase multiplicada por cen mil para facilita-la comunicación. Permite comparar a mortalidade observada nun grupo de idade en distintas poboacións, ou na mesma poboación en períodos diferentes.

5.3.- Taxa axustada:

As taxas de mortalidade axustáronse por idade co método directo tomando como poboación estándar a poboación de Galicia do Censo de 2001. A taxa axustada estima o número de mortes que habería na poboación estudiada se tivera a distribución por idade dunha poboación estándar. Preséntanse multiplicadas por cen mil. As taxas axustadas de distintas poboacións pódense comparar, mais os seus valores, fóra dos propósitos da comparación, carecen de significado.

O método² está implementado no programa Epidat 4.0, desenvolvido pola DXSP co apoio institucional da Organización Panamericana da Saúde (OPS-OMS)³.

5.4.- Impacto das causas de morte na esperanza de vida: anos de esperanza de vida perdidos:

O número de anos de esperanza de vida perdidos (AEVP) nunha poboación nun período determinado é un indicador, desenvolvido por Arriaga², que representa a diferenza entre o máximo posible de anos que se poden vivir entre dúas idades (neste caso 0 e 85 anos) e os que realmente se viven (esperanza de vida temporaria entre esas idades).

O total de AEVP atribuíbles á forza da mortalidade nunha poboación pódese descompoñer por grupo de idade e causa de morte. Para analizar o impacto das causas de morte sobre a esperanza de vida de Galicia, calculáronse os AEVP por grupos de idade (0 a 14, 15 a 24, 25 a 44, 45 a 64 e 65 a 84) e os AEVP por causa (grandes grupos e principais causas).

O método² está implementado no programa Epidat 4.0, desenvolvido pola DXSP en colaboración coa Organización Panamericana da Saúde (OPS-OMS)³.

5.5.- Esperanza de vida e probabilidades de morrer:

A táboa de mortalidade dunha poboación describe o proceso de extinción dunha cohorte ficticia de 100.000 nacidos vivos baixo a experiencia de mortalidade observada nesa poboación nun período que habitualmente é dun ano. Para a construción das táboas de mortalidade as taxas de mortalidade específicas por idade transfrómanse en probabilidades de morte e, a partir delas, estímanse sucesivamente as restantes funcións da táboa ata chegar á esperanza de vida.

Para obter a esperanza de vida en Galicia, ao nacemento e aos 65 anos, e as probabilidades de morrer por grupo de idade, calculáronse táboas de mortalidade abreviadas co programa Epidat 4.0.

5.6.- Pirámides de poboación:

A mortalidade dunha poboación está claramente influída pola estrutura etárea desa poboación, polo que a análise da súa composición por sexo e idade, a través das pirámides de poboación, constitúe una ferramenta fundamental para complementar calquera análise de mortalidade.



As pirámides superpostas permiten comparar a distribución por idade e sexo de dúas poboacións ou da mesma poboación en dous períodos diferentes para ver a súa evolución. O programa Epidat 4.0, desenvolvido pola DXSP en colaboración coa Organización Panamericana da Saúde (OPS-OMS) ten implementado un módulo para construír pirámides de poboación, simples ou superpostas.

5.7.- Mortalidade evitable:

A mortalidade evitable é considerada un bo indicador para avaliar o efecto das intervencións sanitarias sobre a saúde da poboación. En España, creouse un *grupo para el consenso en la mortalidad evitable* que publicou en 2006 unha lista consensuada de 34 causas de morte evitable, xunto ao período de idade no que terán esta consideración⁴. Estas causas clasifícaronse en dous grupos: causas susceptibles á intervención polos servizos de asistencia sanitaria (SAS) e causas susceptibles á intervención de política sanitaria intersectorial (PSI). Nos anexos I e II preséntase a lista de causas de cada grupo coas idades nas que se consideran evitables e os códigos das clasificacións CIE9 e CIE10.

Para analizar o impacto e a evolución da mortalidade evitable en Galicia empregouse como indicador os anos de esperanza de vida perdidos (AEVP)² entre 0 e 74 anos debidos á mortalidade polas causas definidas dos anexos I e II e nas idades que se lle asocian. Non se consideraron evitables as defuncións ocorridas por unha destas causas fóra do intervalo de idade correspondente.

A mortalidade evitable analizouse en períodos de 3 anos, dende 1980, e para cada sexo. O método² está implementado no programa Epidat 4.0, desenvolvido pola DXSP en colaboración coa Organización Panamericana da Saúde (OPS-OMS)³.



Referencias

- ¹ Aickin M, Dunn CN, Flood TJ. Estimation of Population Denominators for Public health Studies at the Tract, Gender, and Age-Specific Level. Am J Public Health. 1991;81:918-20.
- ² Arriaga EE. Los años de vida perdidos: su utilización para medir el nivel y cambio de la mortalidad. Notas de Población CELADE 1996; 24(63): 7-38.
- ³ Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública (DXSP), Organización Panamericana de la Salud (OPS-OMS). Epidat 4.0: Programa para el análisis epidemiológico de datos tabulados. [Software]. DXSP, 2011. Disponible en: <http://dxsp.sergas.es>.
- ⁴ Gispert R, De Arán Barés M, Puigdefábregas A. La mortalidad evitable: lista de consenso para la actualización del indicador en España. Gacet Sanit 2006;20(3):184-93



Anexo I: Causas de mortalidade evitable susceptibles de intervención polos servizos de asistencia sanitaria.

Causa	Idade	CIE-9	CIE-10
Tuberculose e secuelas	0-74	010-018, 137	A15-A19, B90
Cancro de colo de útero	15-74	180	C53
Cancro do corpo de útero	15-74	182, 179	C54, C55
Enfermidade de Hodgkin	0-74	201	C81
Reumatismo cardíaco	0-74	393-398	I05-I09
Respiratorias aguda	0-74	480-486, 460-466, 487	A48.1, J12-J18 (excepto J18.2), J00-J06 (excepto J02.0-J03.0), J20-J22, J10-J11
Asma	5-49	493	J45-J46
Enfermidade do apéndice	0-74	540-543	K35-K38
Hernia abdominal	0-74	550-553	K40-K46
Colelitiase/Colecistite	0-74	574-575	K80-K82
Hipertensión	0-74	401-405	I10-I15
Enfermedades cerebrovasculares	0-74	430-438	I60-69, G45, F01.1
Mortalidade materna	Todas	630-676	O00-O09, A34
Causas perinatais	Todas	760-779	P00-P96, A33
Cancro de mama feminino	0-74	174	C50
Enfermidade isquémica do corazón	35-74	410-414	I20-I25
Úlceras pépticas	0-74	531-534	K25-K28
Enfermidades vacinables	0-74	032, 037, 033, 055, 056, 072, 045, 070.0, 070.1, 070.2-70.3	A36, A35, A37, A49.2, B05, B06, B26, A80, B15, B16, B17.0, B18.0, B18.1
Anemias carenciais	0-74	280,281	D50-D53
Tumor maligno da pe	0-74	172-173	C43, C44, C46.0, C46.9
Tumor maligno de testículos	0-74	186	C62
Leucemia	< 15	204-208	C91-C95
Enfermedades da tiroides	0-74	240-246	E00-E07
Diabetes Mellitus	0-49	250	E10-E14
Hiperplasia de próstata	0-74	600	N40
Anomalías conxénitas cardiovasculares	0-74	745-747	Q20-Q28, I51.0
Latroxenia	Todas	E870-E879	Y60-Y84



Anexo II: Causas de mortalidade evitable susceptibles de intervención por políticas sanitarias intersectoriais.

Causa	Idade	CIE-9	CIE-10
Cancro de pulmón	0-74	162	C33, C34
Hepatopatía alcohólica	15-74	571.0-571.3	K70.0, K70.1, K70.2-K70.3, K70.4, K70.9
Sida e infección por VIH	Todas	279.5, 042, 279.6, 795.8	B20-24, R75
Accidente de tráfico	Todas	E810-825	V02-V04, V09 (exc. V09.1 y V09.9), V12-V14, V19.0-V19.2, V19.4, V19.6, V20-V79, V80.3-V80.5, V81.0-V81.1, V82.0-V82.1, V83-V88, (exc. V88.9), v89 (exc. V89.1)
Suicidio	Todas	E950-959	X60-X84, Y87.0
Homicidio	Todas	E960-969	X85-Y09, Y87.1
Resto de causas externas	Todas	E800-807, E826-849, E850-858, E860-869, E880-949, E970-999	V01, V05-V06, V09.1, V09.9, V10-V11, V15-V18, V19.3, V19.8-V19.9, V80.0-V80.2, V80.6-V80.9, V81.2-V81.9, V82.2, V82.9, V88.9, V89.1, V90-V99, W00-W99, X00-X49, X50-X59, Y10-Y59, Y85-Y86, Y87.2, Y88-Y89, F10.0